

**DEPARTAMENTO DE
LINGUA CASTELÁ E LITERATURA**



**IES Auga da Laxe. Curso 2018-
2019. Gondomar.**

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

1.1	COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO E DOCENCIA QUE IMPARTEN.....	6
1.2	FINALIDADE E OBXECTIVOS XERAIS DA ESO EN LCL.....	6
1.3	FINALIDADE E OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO EN LCL E LIT UNIVERSAL.....	8
1.4	CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN CADA CURSO.....	9
1.5	METODOLOXÍA, MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS NA ESO E NO BACHARELATO...	12
1.5.1	METODOLOXÍA.....	12
1.5.2	MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	13
1.6	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN a ESO E BACHARELATO.....	14
1.6.1	DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL EN ESO E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.....	14
1.6.2	ORGANIZACIÓN DE PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS NO BACHARELATO.....	15
1.6.3	CRITERIOS E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	15
1.7	INDICADORES DE GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E OBXECTIVOS DO NIVEL.....	25
1.8	MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	26

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....28

2.1	RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.....	30
-----	--	----

3. LINGUA CASTELÁ E LITERATURA EN ESO E NO BACHARELATO: CONTIDOS, TEMPORALIZACIÓN, CRITERIOS DE AVALIACIÓN,CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E OS OBXECTIVOS DO CURSO), MÍNIMOS ESIXIBLES, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

3.1	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA DE 1º ESO.....	32
-----	--	----

3.1.1	CONTIDOS.....	32
3.1.2	TEMPORALIZACIÓN.....	34
3.1.3	CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO..	35
3.1.4	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E OS OBXECTIVOS DO CURSO).....	36
3.1.5	MÍNIMOS ESIXIBLES.....	37
3.1.6	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	37
3.2	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA DE 2º ESO.....	41
3.2.1	CONTIDOS.....	41
3.2.2	TEMPORALIZACIÓN.....	43
3.2.3	CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO..	44
3.2.4	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E OS OBXECTIVOS DO CURSO).....	44
3.2.5	MÍNIMOS ESIXIBLES.....	45
3.2.6	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	46
3.3	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA DE 3º ESO.....	48
3.3.1	CONTIDOS.....	48
3.3.2	TEMPORALIZACIÓN.....	51
3.3.3	CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO..	52
3.3.4	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E OS OBXECTIVOS DO CURSO).....	52
3.3.5	MÍNIMOS ESIXIBLES.....	54
3.3.6	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	56
3.4	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA DE 4º ESO.....	57
3.4.1	CONTIDOS.....	57
3.4.2	TEMPORALIZACIÓN.....	60
3.4.3	CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO..	61
3.4.4	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E OS OBXECTIVOS DO CURSO).....	63

3.4.5 MÍNIMOS ESIXIBLES.....	66
3.4.6 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	67
3.5 LINGUA CASTELÁ E LITERATURA DE 1º BAC.....	70
3.5.1 CONTIDOS.....	70
3.5.2 TEMPORALIZACIÓN.....	71
3.5.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN,CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO..	72
3.5.4 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E OS OBXECTIVOS DO CURSO).....	74
3.5.5 MÍNIMOS ESIXIBLES.....	75
3.5.6 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	76
3.6 LITERATURA UNIVERSAL DE 1º BAC.....	79
3.6.1 CONTIDOS.....	80
3.6.2 TEMPORALIZACIÓN.....	83
3.6.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN,CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO..	83
3.6.4 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E OS OBXECTIVOS DO CURSO).....	84
3.6.5 MÍNIMOS ESIXIBLES.....	85
3.6.6 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	85
3.7 LINGUA CASTELÁ E LITERATURA DE 2º BAC.....	90
3.7.1 CONTIDOS.....	90
3.7.2 TEMPORALIZACIÓN.....	91
3.7.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN,CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO..	93
3.7.4 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E OS OBXECTIVOS DO CURSO).....	95
3.7.5 MÍNIMOS ESIXIBLES.....	97
3.7.6 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	99
4. FOMENTO DA LECTURA.....	102

5. PROGRAMA PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE.....	103
5.1 EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.....	104
5.1.1 ALUMNOS DE 2º DE ESO CON LCL 1º ESO.....	104
5.1.2 ALUMNOS DE 3º DE ESO CON LCL 2º ESO.....	105
5.1.3 ALUMNOS DE 4º DE ESO CON LCL 3º ESO.....	106
5.2 BACHARELATO.....	108
5.2.1 ALUMNOS DE 2º DE BACHARELATO CON LCL I.....	108
5.2.2 ALUMNOS DE 2º BACHARELATO CON LITERATURA UNIVERSAL.....	110
6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	114
7. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.....	116
7.1 INDICADORES DE LOGRO PARA A PRÁCTICA DOCENTE.....	116

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

1.1 COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO E DOCENCIA QUE IMPARTEN.

D^a. Inés de la Torre Álvarez.

LITERATURA UNIVERSAL 1º BAC (1 grupo), LCL 3º ESO (2 grupos), LCL 2º ESO (2 grupos),
Reforzo LCL 1º ESO (1 grupo compartido coa profesora Vázquez Lareo), Titoría 3º ESO B

D^a. Eva Del Valle González.

Xefa do Departamento 2015-19.

LCL 2º BAC (3 grupos), LCL 4º ESO (2 grupos).

D^a. Paz Vázquez Lareo.

LCL 1º BAC (3 grupos), LCL 1º ESO (2 grupos), Reforzo LCL 1º ESO (1 grupo compartido coa profesora de la Torre Álvarez), titoría 1º BAC B.



1.2 FINALIDADE E OBXECTIVOS XERAIS DA ESO EN LCL

Segundo o sinalado nos artigos 9 e 10, capítulo 1, decreto 86/2015 do 25 de xuño, “A educación secundaria obrigatoria ten por finalidade lograr que os alumnos e as alumnas adquiran os elementos básicos da cultura, nomeadamente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico; desenvolver e consolidar neles/as hábitos de estudo e de traballo; preparalos/as para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral, e formalos/as para o exercicio dos seus dereitos e das súas obrigas na vida como cidadáns e cidadás.” este departamento de Lingua castelá e literatura entende que a **finalidade da ensinanza da lingua e o progresivo dominio desta é esencial na asimilación da cultura e na apertura do individuo ao mundo, e é un dos factores que contribúen con maior plenitude á identidade individual e social.** Así pois, o obxectivo fundamental, segundo o artigo 10 da devandita lei “A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan” a plena realización persoal e social, como individuo crítico.

Hoxe, nunha sociedade da información en continuo cambio, supón modificar e ampliar as tarefas da clase de Lingua castelá e literatura máis alá das dirixidas á adquisición do coñecemento gramatical para, mediante a reflexión sobre textos, fundamentalmente literarios e do ámbito da comunicación, contribuír a desenvolver o pensamento crítico e a formar unha identidade democrática, culta e creativa. No século XXI temos que aceptar un novo concepto de alfabetización: saber cando e por que se necesita información, onde encontrala, e como empregala e comunicala de maneira ética. Esta alfabetización convértese así en obxectivo do ensino da lingua. A Lingua castelá e literatura ten entre as súas finalidades específicas o desenvolvemento das habilidades lingüísticas de escoitar, comprender e producir enunciados de forma oral e escrita apropiados ás diversas situacións de comunicación. Para acadar con éxito estas destrezas, ademais do coñecemento da estrutura da lingua para a súa utilización no discurso, necesitarase obter información, saber asimilala e planificar o mellor modo de comunicala atendendo a un contexto e finalidade concretos. Así mesmo, a adquisición dunha plena competencia comunicativa inclúe un achegamento ao feito cultural e literario a través da lectura.

Por tanto, o ensino da LCL nesta nova etapa terá como obxectivo o desenvolvemento no alumnado das capacidades que lle permitan:

- a) Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social e cultural.
- b) Utilizar a lingua para expresarse de forma coherente e adecuada nos diversos contextos de actividade social e cultural.
- c) Coñecer a realidade plurilingüe de España e as variedades do castelán.
- d) Utilizar a lingua oral na actividade social e cultural de forma adecuada ás distintas situacións e funcións, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- e) Empregar as diversas clases de escritos que se utilizan na sociedade.
- f) Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar para buscar, seleccionar e procesar información, e para redactar textos.
- g) Utilizar con progresiva autonomía e espírito crítico os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información.
- h) Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
- i) Comprender textos literarios utilizando coñecementos básicos sobre as convencións de cada xénero, os temas e os recursos estilísticos.
- j) Aproximarse ao coñecemento de mostras relevantes do patrimonio literario e valoralo.
- k) Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico

para comprender textos orais e escritos e para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.

- l) Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas.

1.3 FINALIDADE E OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO EN LCL E LIT. UNIVERSAL.

Segundo se recolle nos artigos 25 e 26, CAPÍTULO I, TÍTULO II do citado decreto, 86/2015 de 25 de xuño:

“O bacharelato ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado formación, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lle permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará o alumnado para acceder á educación superior. [...] O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.*
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.*
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.*
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.*
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá”.*
- f) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.*
- g) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito*

solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

- h) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.*
- i) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos: lingüísticos e literarios.*
- j) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.*
- k) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.”*

Por tanto, un dos obxectivos desta materia será ante todo o desenvolvemento da competencia necesaria para intervir de forma axeitada e satisfactoria na interacción verbal nos diferentes ámbitos sociais. Estes saberes refírense aos principios e normas sociais que presiden os intercambios, ás formas convencionais que presentan os diferentes xéneros textuais na nosa cultura, aos procedementos que articulan as partes do texto nun conxunto cohesionado, ás regras léxico-sintácticas que permiten a construción de enunciados con sentido e gramaticalmente aceptables ou ás normas ortográficas.

A aprendizaxe centrarase no **desenvolvemento de habilidades e destrezas discursivas**; é dicir, o traballo sobre procedementos debe articular todo o proceso de ensino e aprendizaxe. A reflexión sobre os ámbitos de uso permitirá **consolidar as aprendizaxes realizadas nas etapas anteriores**. Por outra parte, as actividades de comprensión e de expresión, tanto oral como escrita, e a reflexión sobre elas deben alcanzar un **certo nivel de rigor e profundidade**, co fin de acadar unha **autonomía no control da propia expresión e na interpretación crítica dos discursos que se reciben**.

1.4 CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS EN CADA CURSO.

Tendo presente o recollido ao respecto no Decreto 086/2015, do 25 de xuño, no seu artigo 4, respecto ao proceso de formación integral do alumnado, dende a materia de Lingua castelá e Literatura, a aprendizaxe tanto lingüística como literaria e comunicativa redundan nun concepto de desenvolvemento integral do individuo ao favorecer unha progresiva madurez nos seguintes aspectos transversais:

1. Formación do individuo como suxeito cívico e social:

“Prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.”

- Autodominio da personalidade e as súas habilidades á hora de participar en manifestacións públicas (debates, foros) do pensamento e do xuízo persoal. (Derívase do traballo cos contidos relativos á tipoloxía textual: exposición e argumentación). Estratexias para falar en público.
- Valoración das técnicas expositivo-argumentativas como elementos precisos para a correcta expresión do punto de vista persoal e para a emisión de xuízos razoados.
- Respecto e valoración da diversidade de criterio e de opinión como un factor de riqueza e pluralidade. Asunción das regras de interacción, intervención e cortesía que deben regular a participación en calquera intercambio comunicativo (quendas, cortesía -uso das formas de cortesía e fórmulas de saúdo e despedida-, espazos, xesticulación, escoita activa).
- Capacitación para o traballo en grupo: trabállase dende actividades grupais de análise ou estudo de aspectos relacionados co contido da materia.

2. Formación dun individuo con capacidade de análise e crítica:

Reflexión, a partires dos usos sociais da lingua e das obras literarias, sobre a *“violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos.”*

- Concienciación do valor da lingua, tanto no uso oral coma escrito, como canle e instrumento de organización do pensamento, da personalidade particular e da conciencia social. Uso adecuado do nivel, do rexistro e do caudal léxico segundo a situación comunicativa.
- Recoñecemento das grandezas e miserias humanas a través do estudo das obras literarias: promoción da igualdade, da non discriminación (amor, xenerosidade, amizade, valor, honorabilidade, sensibilidade pero tamén racismo, xenofobia, exclusión...)
- Concienciación do papel das relixións, do pensamento e da arte ao longo das distintas etapas históricas. Canle de expresión da esencia do ser humano
- Valoración das orixes históricas das linguas, da realidade plurilingüe do estado español como fonte de riqueza para o individuo e a sociedade.

- Discernimento de materiais e soportes de documentación válidos e integración de diversas fontes de información.

3. Desenvolvemento no individuo da capacidade e interese creativos:

“[...] fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.”

- Desenvolvemento da sensibilidade artística e literaria a través da valoración progresiva da riqueza do vocabulario empregado, das convencións formais dos xéneros e dos recursos literarios ou expresivos apropiados para a comunicación óptima da individualidade.
- Observación, análise e reflexión progresiva sobre o feito artístico literario en relación coas outras artes ao longo do tempo: concienciación da existencia de personaxes, temas, tópicos e formas ao longo da historia como expresión directa da sensibilidade dun autor ou dunha época.

Estes elementos transversais enumerados traballaranse de xeito progresivo e continuo ó longo das avaliacións e dos tramos educativos da ESO e do BACHARELATO, como proceso evolutivo, mesmo de carácter interdisciplinar. Non admite segmentación temporal segundo o entender deste departamento e a súa mecánica de traballo co alumnado.



1.5 METODOLOXÍA, MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS NA ESO E NO BACHARELATO.



1.5.1 METODOLOXÍA.

En liñas xerais, sen perxuízo do que cada docente especifique na aplicación e desenvolvemento de cada nivel a este respecto, parece lóxico entender que a ensinanza-aprendizaxe da lingua, sempre en torno ao texto como unidade comunicativa básica, é o punto de partida idóneo para, desde a reflexión lingüística, construír aprendizaxes significativas non só en relación co código lingüístico, senón tamén referidos ao feito literario en toda a súa riqueza histórica, social e cultural. Promoveranse no ámbito escolar actividades que favorezan a aprendizaxe dos diferentes contidos, no marco de situacións comunicativas concretas cada vez máis planificadas, como debates, exposicións, investigacións en equipo, elaboración de esquemas e informes, transformación de textos informais en formais, síntese de textos.

A orientación metodolóxica básica para este tratamento dos contidos, na procura dos obxectivos sinalados, será inductivo-deductiva, pero con suficiente ductilidade nos procedementos: trátase de que o itinerario de aprendizaxe se adapte á natureza dos contidos en cada momento. En literatura, por exemplo, pódese partir da análise dun texto para chegar ao concepto de xénero, de recurso expresivo, etc.; ou partir do concepto para aplicalo a un texto.

En todos os casos, para que o estudante elabore, por si mesmo, as súas aprendizaxes significativas, promoveranse actividades de lectura comprensiva, analítica, valorativa e expresiva de textos literarios e científicos, coa explicación das súas estruturas, o seu contido e a súa forma. Igualmente importante é o desenvolvemento de actividades de comparación de textos literarios de diversos autores ou épocas distintas, para que o estudante poida comprender mellor en que consisten os trazos de estilo diferenciais, ou os cambios que se produciron nos xéneros. Na lingua, o contraste de textos formais e informais; a análise sintáctica de oracións e a léxico-semántica de textos; o comentario das variantes de rexistro, dialectais, etc., permitirán o desenvolvemento da

capacidade crítica e reflexiva e a construción de aprendizaxes significativas sobre os contidos referidos ao código, que resultarán igualmente útiles para a aprendizaxe de segundas linguas e para un mellor uso da propia.

Finalmente, cabe indicar que a metodoloxía asentase na combinación destes aspectos:

- Explicación teórica e resolución práctica de mecánicas lingüísticas e literarias (análise morfosintáctica, comentario de textos literarios e non literarios, tipoloxía textual, etc).
- Traballo e participación activa na aula, individual e en grupo.
- Traballo fóra da aula: estudo e aplicación de mecánicas na casa (actividades de praxe, consolidación da mesma, realización de lecturas, elaboración de exposicións, etc).
- Desenvolvemento oral e escrito, individual ou grupal, de actividades lingüístico-literarias: debates, exposicións, presentacións, críticas, reseñas, etc.

1.5.2 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

Sen perxuízo do especificado para cada nivel, de xeito xeral poderanse empregar, con valor non prescriptivo nin obrigatorio para a praxe departamental, os seguintes materiais e recursos didácticos no ensino das materias que imparte:

- Caderno do alumno: este material é moi útil para o alumnado, pois permite a organización do seu traballo diario e facilita a avaliación continua.
- Aula Virtual: cursos deseñados polos docentes de nivel, de contidos progresivos e multidisciplinares. Libro dixital onde aloxar documentos teóricos, prácticos e material audiovisual da Rede.
- Libro de texto: parece adecuado que os alumnos dispoñan dun manual no que se recollan todos os contidos cos que se vai traballar durante o curso, independentemente de que se poida completar a información con material de ampliación proporcionado polo profesor. En 1º ESO empregárase o libro da editorial SM, colección Savia, no resto do tramo ESO o libro de texto seleccionado é o da editorial Casals. No Bacharelato, en 1º BAC empregárase o manual LCL editorial Casals e en 2º BAC o alumnado recurrirá ó curso “LCL 2º BAC 2018-19”, aloxado na Aula Virtual.
- Manuais de fomento da lectura comprensiva: utilizados polo profesor en forma de cuestións, fotocopias, exercicios... Soporte papel (fotocopias, manuais en préstamo), soporte dixital (páxinas varias on-line, recursos web).

- Dicionarios e enciclopedias *DRAE*, *Diccionario Panhispánico de Dudas*, *Diccionario del Español actual*, entre outros, ademais de dicionarios etimolóxicos, de sinónimos e antónimos, de refráns, de xergas, etc., tanto na súa versión clásica como en formato dixital. Aloxados nas aulas materia 12 e 15.
- Libros de lectura tanto obrigatorios como recomendados, dos que se lles proporcionará unha listaxe para que teñan unha orientación neste ámbito. As lecturas realizadas a maiores das obrigatorias poderán valorarse de forma positiva na nota global do trimestre segundo se especifique no apartado correspondente á AVALIACIÓN.
- Poderán empregarse guías de lectura, tanto en versión papel como dixitais, que servirán de axuda para a comprensión de determinadas obras literarias.
- Xornais (soporte papel e/ou web) de información xeral e revistas.
- Webs de recursos de lingua e literatura e páxinas vinculadas a textos e publicacións literarios.
- Xogos de busca de información ou de resolución de diferentes cuestións.

1.6 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN EN ESO E BACHARELATO.



1.6.1 DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL EN ESO E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.

Actividades de avaliación inicial: pretenden buscar as ideas previas do alumnado para percibir problemáticas individuais e adaptar, se é necesario, algúns aspectos da programación tanto a alumnos concretos como ao conxunto. Permiten determinar a necesidade de artellar recursos de fortalecemento das aprendizaxes mediante medidas como: desdobres que permiten traballar con grupos reducidos, reforzos (para traballar as habilidades básicas lecto-expresivas e a comprensión), adaptacións curriculares na aula ou traballo individualizado co PT. Realízase nas primeiras semanas de clase . Complementarase con:

- Reunión de coordinación dos profesores titulares da materia co obxectivo de traspasar información detallada sobre cada alumno, por parte do docente que o vén de avaliar no curso precedente. Esta reunión celebrarase as primeiras semanas do curso.
- Realización dunha xunta de avaliación inicial integrada polo profesorado de nivel, titor e orientador.

1.6.2 ORGANIZACIÓN DE PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS NO BACHARELATO.

No caso do BACHARELATO, a avaliación inicial, no seo deste Departamento de LCL, pasa por:

- Reunión de coordinación dos profesores titulares da materia en 2º BAC, en 1º e 4º ESO respectivamente. O obxectivo é o traspaso de información detallada sobre cada alumno por parte do docente que o vén de avaliar no curso precedente. Esta reunión celebrarase as primeiras semanas do curso.
- Posibilidade de realizar algunha proba escrita, de carácter global e contidos mínimos, para detectar dificultades ou capacidades elevadas no caso de alumnado de nova incorporación.
- As medidas que, de resultas, deban tomarse serán informadas previamente co departamento de Orientación.

1.6.3 CRITERIOS E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

1.6.3.1 Co obxectivo de determinar o grao competencial do alumnado, e levar a cabo a avaliación do mesmo artellaranse **diversos tipos de avaliación:**

- **Actividades de avaliación formativa ou de ensinanza-aprendizaxe:** é importante que os procedementos e instrumentos sexan os adecuados á situación de ensinanza e de aprendizaxe á que se destinan, que a presentación e o grao de esixencia das cuestións sexa o idóneo para o nivel de competencia curricular e madurez dos suxeitos.
- **Actividades de avaliación obxectiva (probas, exames, exposicións, traballos):** combinarase a realización de probas orais con probas escritas e observarase a participación e traballo do alumno, tanto na aula como fóra dela mediante o seu caderno, a preparación e participación en exposicións, debates, resolución de tarefas de aula e de casa, lecturas obrigatorias e voluntarias.

Empregaranse diversos instrumentos de avaliación, entre os que destacan:

PROBAS ESPECÍFICAS: por norma xeral, realizaranse dúas probas trimestrais, pero, con carácter extraordinario, poderase incrementar ou reducir o número dependendo de que as circunstancias académicas así o aconsellen.

LECTURA: probas específicas ou cuestións incluídas nestas para determinar se o alumno leu e comprendeu de xeito conveniente os textos de carácter obrigatorio e optativos que fixa este Departamento para cada curso.

ANÁLISE DAS PRODUCCIÓNS DOS ALUMNOS: utilizarase como instrumento de avaliación ó longo do curso: realización, corrección, acerto ou erro na elaboración de tarefas de aula ou de fóra dela; o mesmo para traballos de investigación obrigatorios; idem para traballos de investigación e ampliación voluntarios, xa sexan, todos eles, de realización individual ou conxunta según indicacións do profesor (resumos, exercicios, redaccións, comentarios, exercicios relativos ás unidades didácticas, apuntes de aula, notas de clase...) tanto para entregar en una fecha determinada, como para ser corregidas colectivamente.

Inclúense neste punto as producións orais do alumnado seguindo pautas indicadas para cada actividade: debates, análises, críticas, lecturas-recitado, explicación e presentación de traballos, etc.

OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA DOS ALUMNOS: este tipo de instrumento se aplicarase a cuestións de indubidable importancia e non susceptibles de prueba de avaliación escrita: participación na clase, actividades orais, respecto ás normas, interese, implicación, curiosidade, respecto á diversidade, á pluralidade, á opinión allea, e ós demais, etc. A actitude do alumno respecto á asignatura tamén se valorará neste mesmo apartado.

A porcentaxe de puntuación atribuída a cada un destes instrumentos para realizar a avaliación do alumno detallarase no punto 1.6.3.2 desta programación e será dado a coñecer ó alumnado a comezo de curso.

Esquemáticos, os INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN EMPREGADOS serán, fundamentalmente:

COMPETENCIA ESCRITA:

- Tarefas diversas realizadas polo alumnado na actividade diaria da clase.

- Tarefas diversas realizadas polo alumnado como deberes.
- Exames, probas e traballos.
- Tarefas diversas realizadas en entornos dixitais.

COMPETENCIA ORAL:

- Participación e intervención do discente.
- Exposición, presentación e explicación das tarefas encomendadas.

PARTICIPACIÓN E IMPLICACIÓN:

Observación directa e sistemática de:

- Actitude durante as actividades colaborativas.
- Interese e participación nas actividades cotiás da clase.

1.6.3.2 Respecto ós criterios de avaliación e cualificación.

Ningunha das observacións e instrumentos que integran o proceso de avaliación terá carácter exclusivo, nin se avaliará a ningún alumno por medio dunha observación única. Por iso, o alumnado deberá presentarse a todas as probas, realizar todos e cada un dos traballos solicitados no prazo determinado e realizar as tarefas encomendadas, do mellor xeito posible en tempo e forma.

Como norma xeral, establécese o seguinte, sen perxuízo do que o profesor titular da materia LITERATURA UNIVERSAL poida precisar, nos apartados diferenciais correspondentes:

I. Respecto á estrutura das probas de avaliación e cualificación (puntuación) interna das mesmas:

- a. Realizaranse dous parciais por avaliación, anque o seminario de LCL poderá aumentar ou reducir o número destas probas segundo as necesidades que demande a praxe docente nos diversos niveis e aulas.

Como norma xeral, estes exames artellarnase en dúas partes diferenciadas: lingüística e literaria (**agás en Lit. Universal: só contidos literarios**).

- b. A estrutura do exame poderase dividir en bloques ou mesturar cuestións de ambos tipos.
- c. Tanto os contidos lingüísticos coma os literarios deberanse presentar en forma de cuestións teóricas breves, cuestións de desenvolvemento teórico e práctico e prácticas de resolución e aplicación de mecánicas propias da materia en ambos aspectos lingüístico-literarios. Incluídas as cuestións sobre as obras de lectura obrigatorias no bloque literario.

Estas consideracións tamén son de aplicación para a materia LIT. UNIVERSAL.

d. Tamén se poderán realizar exames ou probas que versen exclusivamente sobre contidos lingüísticos ou só sobre contidos literarios, atendendo así ás necesidades da realidade educativa que poida producirse.

e. En calquera caso, a puntuación atribuída a un bloque de contidos e a outro será independente e equilibrada, é dicir, cada bloque puntúase sobre 10. E ha de observarse unha distribución equitativa entre as cuestións que integren ambos bloques.

f. Deste xeito, este tipo de probas aportarán dúas cualificacións ou informacións sobre a evolución académica do alumno:

Unha no bloque lingüístico. Cuantificada de 0 a 10.

Outra no bloque literario. Cuantificada de 0 a 10.

g. No seguinte punto (Avaliación de trimestre e curso) detállase o modo de elaborar as medias a partir destes mecanismos expostos.

h. O alumnado poderá dispor, de modo puntual, dunha parte do recreo para poder finalizar a realización dunha proba ou exame, sempre que o profesor titular estime a necesidade de tal concesión ante a petición do alumnado e os seus argumentos, debidamente xustificadas.

II. A avaliación do trimestre, e do curso. Cualificacións.

Será o resultado dunha avaliación global que abrangue todos os instrumentos de avaliación enumerados no punto 1.6.3.1 sobre os que se aplican os criterios recollidos neste punto 1.6.3.2, tanto os indicados con anterioridade coma os seguintes:

a. Nota ou cualificación dos exames parciais. Obterase do seguinte modo:

a.1 Avaliación do trimestre:

- Suma e media aritmética das cualificacións obtidas no bloque lingüístico en todas as probas realizadas durante o trimestre.
- Suma e media aritmética das cualificacións obtidas no bloque literario en todas as probas realizadas durante o trimestre.
- Deste xeito, obtéñense dúas medias globais independentes cualificadas, cada unha, sobre 10: media no bloque lingüístico e media no bloque literario.
- Finalmente, súmanse ambas e a media aritmética será a cualificación global do trimestre, aportada por este instrumento de avaliación que son os exames parciais.

- É importante constatar que NON SE PODERÁ FACER MEDIA CANDO UN ALUMNO NON ACADARÁ UNHA NOTA MÍNIMA GLOBAL DE 3 TANTO NO BLOQUE LINGÜÍSTICO COMA NO LITERARIO.
- **Esta nota media final obtida nos exames verase modificada coa achega de todos os outros instrumentos de avaliación indicados segundo as porcentaxes que se detallan nos puntos seguintes deste documento. A valoración global de todos eles pode incidir á alza ou á baixa.**

a.2 Avaliación do curso:

A cualificación final resultará da media aritmética elaborada coas cualificacións obtidas nas tres avaliacións.

Esa media poderá ser precisada a través das notas de observación sobre a actitude e evolución do alumno ó longo do curso, tanto en positivo coma en negativo.

a.3 Normas para realizar a corrección e cualificación dos instrumentos de avaliación:

Teranse en conta os seguintes aspectos:

a.3.1 Detracción por faltas nas probas e traballos escritos: dado que o Departamento de LCL ten como base da súa existencia a lingua e o uso e coñecemento desta, considérase imprescindible promover no alumnado a conciencia de que deben perseguir unha expresión ortograficamente impecable e unha presentación textual aceptable. Por tanto establécese en todo o tramo unha penalización por uso inadecuado da ortografía (grafías, tiles, signos de puntuación e dificultades de expresión -discordancias, anacolutos, estruturas agramaticais, incoherencia discursiva, etc. -) e da presentación non axeitada (limpeza, orde, lexibilidade, etc.). Así, **deducirase da cualificación de cada parcial, a razón de -0,1 por erro ortográfico, de concordancia e expresión e -0´05 por cada til e signo de puntuación incorrecto. O máximo a detraer será de 2 puntos en BAC e 1,5 puntos en ESO.**

a.3.2 Aquel alumno que presente dificultades serias na súa competencia discursiva escrita (incoherencias, non progresión, non identificación do punto de vista, presentación inadecuada -suciedade, desorde-, ilexibilidade da caligrafía, puntuación ou ortografía deficientes) NON ACADARÁ DE NINGÚN XEITO UNHA AVALIACIÓN SUPERIOR Ó SUFICIENTE, independentemente da cualificación obtida en contidos e mecánicas.

a.3.3 As respostas non acordes co solicitado no enunciado do exercicio, xa sexa respecto a contidos, mecánicas, enfoque ou non desenvolvemento da cuestión -debidamente redactado, exemplificado, explicado e analizado- dará lugar á **CONSIDERACIÓN NULA DA MESMA**.

a.3.4 Oralidade: avaliarase mediante intervención e participación activa na aula e na resolución de mecánicas propostas. A cualificación atribuída suporá a suma de 1 punto sobre o total de 10 de cada unha das probas escritas realizadas, de tal modo que permita a definición á alza da cualificación.

a.3.5 LECTURAS OBRIGATORIAS. O alumno deberá acreditar non so a lectura senón a comprensión e capacidade de análise: recoñecemento de trazos temáticos, formais, técnicas literarias, características estéticas e significado da mesma. As obras de lectura obrigatoria recóllense no presente documento en cada nivel académico.

Como norma básica, pedirase a partir dun fragmento da obra, en todos os cursos, **tanto para LCL como para LITERATURA UNIVERSAL** - para iniciar, desenvolver, fortalecer e consolidar mecánica- o seguinte :

- Resumo e contextualización do fragmento. O alumno debe acreditar de forma coherente e precisa a lectura e comprensión da obra .
- Tema do mesmo.
- Identificación de temas, tópicos, e características propias da obra, do autor e da estética en que se circunscribe.
- Sobre o fragmento aportado deberá recoñecer todos aqueles datos teóricos que lle permitan explicar as características da obra e realizar o seu comentario literario, adscribíndoo, de modo xustifico e razonado, a unha época literaria e estética, a un autor e a unha obra determinada.
- O comentario realizado debe integrar de xeito coherente, progresivo e cohesionado a información temática e as mecánicas empregadas así como aclarar o significado e interpretación do fragmento e da obra, contextualizándoo nun período literario e na corrente estética correspondente. Aplicable tanto a LCL coma a LIT. UNIVERSAL.
- As obras de lectura obrigatorias poderán incluírse dentro das probas escritas

trimestrais ou avaliarse en proba específica. En ambos casos, os **criterios de cualificación** quedan como segue:

- **Se se trata dunha proba exclusiva sobre a obra de lectura**, evaluarase sobre 10 e fará media aritmética coas demais probas ou parciais realizados no trimestre.
- **Se, pola contra, se integra nun exame completo**, asignaráselle a puntuación porcentual correspondente:
 - Aínda que non houbese outras preguntas de carácter literario, non excederá un máximo de 5 puntos, tope adxudicado ó apartado literario.
 - Se houbese outras preguntas no bloque literario, a puntuación distribuirase entre as mesmas, en función da súa importancia e complexidade.

a.3.6 LECTURAS VOLUNTARIAS. O fomento da lectura xoga un papel fundamental na asignatura LCL. Por tanto, ofrecerase a posibilidade de subir nota realizando unha serie de lecturas voluntarias, a elixir entre as ofertadas por cada profesor titular, que estarán penduradas para a súa consulta na Aula Virtual. Someteranse a unha avaliación baseada na proposta de traballo requerida polo profesor. Estas indicacións de traballo subiranse á Aula Virtual, no apartado correspondente. O alumnado deberá indicar a súa intención ó profesor e este guiarao no desenvolvemento da actividade, sempre que o alumno requira tal axuda. Dos contidos e habilidades requeridos será avaliado ben mediante un traballo, unha exposición oral ou unha proba escrita, en función da dispoñibilidade horaria que a actividade académica permita. En todo caso, a **puntuación máxima atribuída será de ata 1 punto máximo, a engadir á nota do bloque literario no parcial correspondente**, en función da calidade e grao de consecución de obxetivos estipulados para as mesmas. **Non se poderán realizar máis de dúas lecturas complementarias ou voluntarias por trimestre. (0,5 puntos por cada lectura).**

Esta posibilidade de incrementar a nota (10+1) mediante esta opción, so se aplicará de cumprírense as seguintes condicións, que deben darse conxuntamente:

- Alumnado que acade a cualificación mínima de 4 nas probas de avaliación escritas (unha vez detraída a penalización por ortografía, expresión ou calquera outro tipo

de inconveniente recollido neste documento).

- Alumnado participativo, traballador, atento e implicado no proceso académico (aula e casa). Comprobarase coas notas do caderno do profesor relativas a dito aspecto.

O alumnado poderá dispor do tempo de recreo para a realización de probas de lectura voluntaria , exposicións e traballos de avaliación das mesmas, se así o elixen ou o docente determina tal necesidade. Acordarase hora e data co profesor de materia.

a.3.7 PRESENTACIÓN DE TRABALLOS/ACTIVIDADES VOLUNTARIOS E OBRIGATORIOS.

- Os traballos de investigación ou documentación demandados ao alumnado, tanto con carácter voluntario como obrigatorio, terán unha data máxima de entrega, fixada con antelación e publicitada na Aula Virtual. Todo aquel que exceda o indicado considerárase NON PRESENTADO, a menos que o incumprimento sexa motivado ante o profesor titular, e acompañado de xustificación oficial.
- Con respecto á súa presentación cabería a posibilidade de ANULAR A SÚA VALIDEZ, é dicir, cualificalo cun 0 se o alumno non respeta as normas básicas de presentación, de redacción e de realización ou incurre en defectos ortográficos e expresivos recollidos nesta programación: presenta o texto escrito a lápis, en follas inadecuadas, non respeta convencións tipográficas, entrega borradores de escritura, a súa caligrafía o fai ilexible, etc.
- Só se considerará a súa substitución por una proba oral se hai motivos médicos que o aconsellen.
- Non se poderán realizar máis de dous traballos por trimestre.
- **A puntuación atribuída a cada un será de 0,5 puntos, ata un máximo de 1 punto por trimestre.**
- Estes traballos repercutirán na cualificación do bloque literario ou lingüístico do parcial correspondente (segundo o contido dos mesmos) do seguinte xeito meliorativo:
 - De haber detracción de puntuación por incorreccións poderán anular ata un máximo de 1 punto, segundo a cualificación obtida en cada un.
 - De non ser ese o caso, a cualificación obtida en cada traballo presentado sumarase ó bloque de contidos do parcial co que se relaciona.

a.3.8 EXAMES DE RECUPERACIÓN.

- **Realízase, a final de curso, un exame de recuperación de carácter global, que siga**

a mesma estrutura e distribución que os realizados ó longo do curso. Así estará integrado por cuestións lingüísticas e literarias (incluídas as lecturas obrigatorias) con puntuación equilibrada (50% cada bloque). Deberá garantir un 50% de contidos mínimos; o 50% restante dará conta de contidos e mecánicas do nivel, recollidas na Programación do Departamento. A esta proba deberá concorrer aquel alumnado que non tivera acadado un 5 ou nota superior na avaliación global do curso.

- **Os alumnos da ESO e de BAC que non acaden o aprobado en xuño** deberán examinarse de todo o temario na convocatoria extraordinaria de setembro ou data que determine a administración. É moi importante lembrar que a convocatoria extraordinaria (setembro) consta dun exame de carácter total. Para a avaliación e cualificación desta proba terase en conta, única e exclusivamente, o exame realizado nesta convocatoria, no que se recollerán os mesmos contidos e mecánicas que no exame de recuperación global (xuño). Aplicará a mesma distribución, puntuación e formato.

a.3.9 Nos cursos de 1º e 2º de ESO, máis centrados no estudo da lingua, a avaliación será continua. Polo tanto, nos exames do último trimestre poderán entrar contidos traballados ao longo de todo o curso.

a.3.10 Dereito dun alumno a cambiar unha data de exame ou a realizalo nunha data diferente á establecida quedará acreditado en dous casos, salvo manifestación contraria do profesor titular, debidamente motivada:

- Situacións inevitables, debidamente explicadas e notificadas con antelación, se fora posible, e o profesor consinte, por estimar positivamente as razóns do alumno. En ningún caso, cuestións persoais, de ocio, de formación, etc. acreditarán o dereito a repetir unha proba se non se establece un consenso previo co profesor responsable.
- A posteriori, por unha situación sobrevida, e presenta, ó profesor titular, xustificante oficial adxunto ó modelo administrativo de centro. En ningún caso a carencia de xustificante ou a presentación unicamente do modelo último mencionado garantirán a repetición da proba.

a.3.11 O profesor poderá rexeitar a corrección dunha proba (exame, traballo ou actividades) e cualificalo negativamente se a súa presentación a fai inadecuada ou ilexible. Só se considerará a posibilidade de substituíla, con carácter excepcional, por unha proba oral perante informes médicos que aconsellen razoadamente esta medida.

a.3.12 Todo alumno que sexa sorprendido copiando durante unha proba ou falseando os resultados de xeito deshonesto e fraudulento, será cualificado cun 0 na proba afectada. Polo demais, cinguirase ó procedemento común establecido neste documento para a avaliación.

Se a fraude fora cometida nun traballo de realización externa, é dicir, fóra da aula (copia e pega, fusila documentación da fonte, realización do traballo por terceiros, etc.), riscarase e a cualificación será 0 e aplicaranse os procesos de avaliación determinados neste documento.

a.3.13 Orientación académica do alumnado. O profesor da área informará ós alumnos que suspendan unha avaliación acerca daqueles aspectos nos que o seu rendemento teña sido insuficiente, e orientaraos respecto das actividades que deben levar a cabo para alcanzar un mínimo.

a.3.14 A inasistencia ou impuntualidade reiteradas (agás causas de forza maior), a reiteración de actitudes de desinterese, desidia, irresponsabilidade, indolencia, acumulación de notas de clase negativas, falta de aplicación e incumprimento das tarefas asignadas poderán afectar á nota global, na súa estimación á baixa.

a.3.15 As observacións e correccións realizadas polo profesor sobre tarefas, exercicios e traballos dos alumnos serán coñecidas por estes. A tal fin, mostraralles os exercicios corrixidos, avaliará en público e explicará ou resolverá estratexias semellantes. Poderá empregar para ensinar os exames a hora do recreo se o considerase necesario.

a.3.16 No caso de que un alumno estivese imposibilitado para realizar un exame, optarase pola avaliación oral, con consentimento de grabación e respostas grabadas, de cara a posteriores reclamacións.

III. Avaliación de alumnado con medidas específicas (reforzos e ACIs).

Traballo coordinado con PT:

- Profesor de materia determina NIVEL, OBXECTIVOS, CONTIDOS, ESTÁNDARES E MÍNIMOS.
- PT traballará con material específico, como especialista, as dificultades que provocan trastorno no proceso de aprendizaxe do alumno.
- Os contidos traballaranse co profesor titular. En todo caso, reforzo co PT, se houbera disposición temporal.
- Pedirase ó departamento de Orientación material específico para traballar os contidos de modo adaptado ás necesidades do alumno, de acordo coas súas peculiaridades.
- A avaliación realizarase guiada polo profesor titular (marcará contidos avaliáveis, mecánicas mínimas, conceptos e habilidades) apoiada no criterio do especialista terapeuta para adaptar formato da proba e tempos.
- A distribución de contidos e puntuación atribuída ás cuestións nestas probas será versátil, é dicir, adaptarase en función de cada caso particular, segundo as necesidades específicas do alumno e as súas habilidades de partida.
- O aprobado e superación da ACI, de habela, conseguirase cunha media nas probas realizadas, igual ou superior a 5.

1.7 INDICADORES DE GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE, CRITERIO DE AVALIACIÓN E OBXECTIVOS DO NIVEL.



Atenderase ás faltas de asistencia non xustificadas, á actitude atenta e participativa do alumnado ou á inversa.

Escala básica de cualificación de indicadores de grao:

Grao 5: 100% da puntuación se demostra total comprensión do problema. Todos os requirimentos da tarefa están incluídos na resposta. Corresponde a unha puntuación de 9-10. **Sobresaínte.**

Grao 4: 75% da puntuación se demostra considerable comprensión do problema. Tres cuartos dos requirimentos da tarefa están incluídos na resposta. Corresponde a unha puntuación 7-8. **Notable.**

Grao 3: 50% da puntuación se demostra comprensión parcial do problema. Só a metade, cantidade mínima, de requirimentos da tarefa están incluídos na resposta. Corresponde a unha puntuación de 5-6. **Suficiente-Ben.**

Grao 2: 25% da puntuación se demostra escasa comprensión do problema. Na resposta faltan moitos dos requirimentos da tarefa. Corresponde a unha puntuación de 3-4. **Insuficiente.**

Grao 1: non comprende o problema. Non responde. Non tentou facer a tarefa. Desinterese. Desidia. Corresponde a unha puntuación 0-1. **Moi deficiente.**

O grao mínimo de consecución, en cada estándar de aprendizaxe, criterios de avaliación e obxectivos de curso, corresponderá a un desenvolvemento igual ou superior ao nivel 3, mínimo preciso para acadar unha avaliación positiva.

1.8 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.



Segundo o artigo 8, punto 3 do Decreto 86/2015 de 25 de xuño “A educación secundaria obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supor unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a

titulación correspondente.


Artigo 17. Medidas organizativas e curriculares para a atención á diversidade e á organización flexible das ensinanzas .

1. Correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación regular as medidas de atención á diversidade, organizativas e curriculares, incluídas as medidas de atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, que permitan aos centros docentes, no exercicio da súa autonomía, unha organización flexible das ensinanzas. Esta regulación realizarase de acordo co previsto no artigo 16.2 do Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro.

2. Os centros docentes terán autonomía para organizar os grupos e as materias de maneira flexible e para adoptar as medidas de atención á diversidade máis adecuadas ás características do seu alumnado e que permitan o mellor aproveitamento dos recursos de que dispoña. As medidas de atención á diversidade que adopte cada centro docente formarán parte do seu proxecto educativo, de conformidade co que establece o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.”

En consonancia, na medida en que o Departamento de Lingua Castelá detecte ou sexa informado da necesidade de aplicación de medidas excepcionais, disporá os recursos necesarios co fin de que os alumnos que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por se ter incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado. De igual modo, tamén se adoptarán medidas de Reforzo Educativo, que afectan basicamente á metodoloxía, propoñendo, segundo o caso, actividades de reforzo ou de ampliación, elaboración e traballo de aula adaptado ás diversas medidas que oferta a administración: reforzo na aula, ACI, desdobres, PROA, avaliación de altas capacidades e proposta de promoción automática a nivel superior.

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE.



Competencia social e cívica. (CSC) Coñecer a evolución e organización das sociedades e dos seus valores políticos, morais e culturais.

Competencia para a conciencia e expresión cultural.(CCEC) Identificar as relacións existentes entre as manifestacións artísticas e a persoa ou colectividade que as crea. Ter conciencia da evolución do pensamento e das correntes estéticas. Apreciar a creatividade implícita na expresión de ideas, experiencias ou sentimentos mediante as distintas disciplinas artísticas.

Competencia para o sentido da iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE) Xestionar de maneira eficaz os procesos de aprendizaxe. Coñecer e usar estratexias e técnicas específicas de aprendizaxe. Usar fontes diferentes para a recollida de información. Empregar mecanismos axeitados de selección e tratamento da información. Utilizar de maneira eficiente recursos e técnicas de traballo intelectual.

Competencia en comunicación lingüística.(CCL) Os coñecementos, destrezas e actitudes propios desta competencia permiten expresar pensamentos, emocións, vivencias e opinións, así como dialogar, formarse un xuízo crítico e ético, xerar ideas, estruturar o coñecemento, dar coherencia e cohesión ao discurso e ás propias accións e tarefas, adoptar decisións e gozar escoitando, lendo ou expresándose de forma oral e escrita, todo o cal contribúe, ademais, ao desenvolvemento da autoestima e da autoconfianza.

Competencia dixital. (CD) Discriminación no uso de soportes informáticos e manexo de páxinas e ferramentas dixitais fiables e apropiadas segundo diversas finalidades científicas, divulgativas, etc. Adecuación aos cambios que supoñen as novas tecnoloxías en canto a alfabetización, lectura e escritura.

Competencia en aprender a aprender. (CAA). Capacidade e habilidade do alumno para desenvolver a autonomía e a iniciativa no seu proceso formativo. Interese, implicación e disposición serán actitudes que se promoverán para construír un espírito crítico e selectivo, nun suxeito activo e responsable na súa formación.

- **Comunicarse e conversar** son accións que supoñen habilidades para establecer vínculos e relacións construtivas cos demais e co contorno, así como achegarse a novas culturas, que adquiren consideración e respecto na medida en que se coñecen. Por iso, a competencia de comunicación lingüística está presente na capacidade efectiva de convivir e de resolver conflitos.

A lingua, como ferramenta de comprensión e representación da realidade, debe ser instrumento para a igualdade; para a construción de relacións, en termos de igualdade, entre mulleres e homes; para a eliminación de estereotipos e expresións machistas ou xenófobas. A comunicación será o eixe da resolución pacífica de conflitos na comunidade escolar.

- **Escoitar, expoñer e dialogar** implica ser consciente dos principais tipos de interacción verbal, ser progresivamente competente na expresión e comprensión das mensaxes orais que se intercambian en situacións comunicativas diversas e adaptar a comunicación ao contexto. Supón tamén a utilización activa e efectiva de códigos e habilidades lingüísticas e non lingüísticas e das regras propias do intercambio comunicativo en diferentes situacións, para producir textos orais adecuados a cada situación de comunicación.
- **Ler e escribir** son accións que supoñen e reforzan as habilidades que permiten buscar, recompilar e procesar información, e ser competente á hora de comprender, compoñer e utilizar distintos tipos de textos con intencións comunicativas ou creativas diversas. A lectura facilita a interpretación e comprensión do código que permite facer uso da lingua

escrita e é, ademais, fonte de pracer, de descubrimento doutros contornos, idiomas e culturas, de fantasía e de saber, todo o cal contribúe pola súa vez a conservar e mellorar a competencia comunicativa.

A habilidade para seleccionar e aplicar determinados propósitos ou obxectivos ás accións propias da comunicación lingüística (o diálogo, a lectura, a escritura, etc.) está vinculada a algúns trazos fundamentais desta competencia, como as habilidades para representarse mentalmente, interpretar e comprender a realidade, e organizar e autorregular o coñecemento e a acción dotándoos de coherencia.

- **Comprender e saber comunicar** son saberes prácticos que se deben apoiar no coñecemento reflexivo sobre o funcionamento da lingua e as súas normas de uso, e implican a capacidade de tomar a lingua como obxecto de observación e de análise. Expresar e interpretar diferentes tipos de discurso acordes á situación comunicativa en diferentes contextos sociais e culturais implica o coñecemento e a aplicación efectiva das regras de funcionamento do sistema da lingua e das estratexias necesarias para interactuar lingüisticamente dun xeito adecuado.

2.1 RELACIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

Os estándares de aprendizaxe avaliábeles atópanse enumerados por nivel en cada curso de ESO e BAC.

3. LINGUA CASTELÁ E LITERATURA NA ESO E NO BACHARELATO: CONTIDOS, TEMPORALIZACIÓN, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E OS OBXECTIVOS DO CURSO), PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN,. MÍNIMOS ESIXIBLES



3.1 LINGUA CASTELÁ E LITERATURA DE 1º ESO.



3.1.1 CONTIDOS

BLOQUE 1. ESCOITAR, FALAR, CONVERSAR

1. Comprensión de noticias de actualidade procedentes dos medios de comunicación a través da escoita activa.
2. Produción e análise de textos orais: estratexias do discurso oral.
3. Exposición oral, a partir dun guión, de feitos relacionados coa experiencia: adecuación, progresión e claridade.
4. Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico, social e persoal.
5. Participación activa en situacións de comunicación (debates, conversas, coloquios) poñendo en práctica as normas básicas de comunicación (interacción, intervención, cortesía).
6. Recreación de textos orais que reproduzan situacións reais ou imaxinarias.
7. Participación activa en traballos en grupo cooperando e respectando o resto dos compañeiros.
8. Utilización da lingua para tomar conciencia dos coñecementos, ideas e sentimentos propios.

BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR

1. Comprensión de textos escritos
2. Lectura comprensiva e interpretación de textos dos ámbitos educativo, social e persoal.

3. Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como instrucións de uso e normas.
4. Comprensión de textos dos medios de comunicación, atendendo á estrutura do xornal, con especial atención ás noticias relacionadas coa vida cotiá.
5. Comprensión de textos do ámbito académico: instrucións, solicitudes, etc.
6. Consulta de dicionarios, enciclopedias, webs, etc.
7. Utilización dirixida da biblioteca do centro e das tecnoloxías da información.
8. Reflexión crítica con respecto á información.
9. Composición de textos escritos
10. Produción de textos escritos, acompañados de recursos audiovisuais, de diversa tipoloxía textual (narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos) empregando textos modelo.
11. Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como cartas e notas.
12. Composición de textos propios dos medios de comunicación.
13. Composición de textos en soporte papel ou dixital de textos propios do ámbito académico: resumos, esquemas, glosarios, etc.
14. Utilización da composición escrita como fonte de información e de aprendizaxe, como forma de comunicar experiencias.
15. Dominio das normas de presentación dos textos escritos con respecto ás normas gramaticais, ortográficas e tipográficas.

BLOQUE 3. EDUCACIÓN LITERARIA

1. Lectura e comprensión de obras adecuadas á idade. Análise de relatos breves, de textos dramáticos e manifestacións líricas.
2. Recitado de poemas recoñecendo os elementos básicos do ritmo e as figuras literarias.
3. Diferenciación dos grandes xéneros e subxéneros literarios: recoñecemento de trazos e aplicación dos mesmos na creación persoal.
4. Composición de textos sinxelos de intención literaria.

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

1. Diferenzas entre comunicación oral e escrita e entre usos coloquiais e formais.
2. Normas ortográficas: coñecementoprogresivo e aplicación práctica, coherente e correcta, da ortografía.
3. As categorías gramaticais simples: variables e invariables. Análise gramatical e uso.
4. Emprego da temporalidade verbal de acordo ás normas de concordancia.
5. Coñecemento das modalidadesda oración.
6. Introducción aos mecanismos de coherencia e cohesión. Recoñecemento, uso e explicación.
7. Uso dos dicionarios da lingua e das enciclopedias. Interpretación da información deste tipo de libros.
8. Participación e implicación no traballo do grupo: respecto pola diversidade lingüística e rexeitamento de estereotipos culturais e lingüísticos.

3.1.2 TEMPORALIZACIÓN

1ª AVALIACIÓN: Realizarase unha proba obxectiva a última semana de outubro e outra a segunda semana de decembro.

- Mecánicas de comprensión expresión: tema, resumo, esquema. ..
- Principios básicos de corrección lingüística.
- A comunicación.
- Lingua oral e lingua escrita.
- A narración. Elementos da narración.
- A descrición.
- Léxico. Semántica.
- Clases de palabras: substantivo, adxectivo, determinante

2ª AVALIACIÓN: Realizarase unha proba obxectiva a última semana de xaneiro e outra a segunda semana de marzo.

- Mecánicas de comprensión expresión: tema, resumo, esquema. ..
- Principios básicos de corrección lingüística.
- Instrución.
- Exposición.
- Argumentación.
- Os medios de comunicación.
- Clases de palabras: pronome e verbo

3ª AVALIACIÓN: Realizárase unha proba obxectiva a segunda semana de maio e outra a segunda semana de xuño.

- Mecánicas de comprensión expresión: tema, resumo, esquema. ..
- Principios básicos de corrección lingüística.
- Diálogo.
- Introducción á literatura e á linguaxe literaria.
- Xéneros literarios.
- Clases de palabras: adverbio, preposición, conxunción e interxección.

EXAME FINAL DE RECUPERACIÓN : luns 17 de xuño ou data sinalada por dirección.

3.1.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

1. Captar as ideas esenciais de textos orais de diferente tipo reproducindo o seu contido en textos orais e escritos.
2. Elaborar un resumo dunha exposición oral sobre un tema específico, reflectindo os principais puntos de vista dos participantes.
3. Sintetizar oralmente o sentido global de textos expositivos sinxelos identificando as súas intencións e diferenciando as ideas principais das secundarias.
4. Expoñer oralmente o desenvolvemento dun tema, seguindo un guión previo.
5. Crear textos de diferente tipo (narrativos, expositivos e dialogados) adecuándoos á

situación comunicativa, cun vocabulario rico e variado e respectando os criterios de corrección e presentación.

6. Identificar o xénero ao que pertence un texto literario e recoñecer os seus elementos estruturais básicos.
7. Identificar as principais relacións de significado entre os elementos léxicos.
8. Recoñecer as diferentes unidades gramaticais e ser capaz de empregarlas.
9. Identificar algúns trazos lingüísticos dos distintos usos sociais da lingua.
10. Manexar procesadores de textos e ser capaz de aplicarlos a traballos sinxelos.

3.1.4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Vid. punto 1.2 da presente Programación: enumeración de obxectivos para LCL en ESO.

1. Comprende o significado e contido principal de textos diversos, orais e escritos. Crea textos coherentes e adecuados ao contexto.
2. Le e comprende o significado e os trazos máis representativos das obras literariasseleccionadas.
3. Expresa a opinión, xuízo e razóns persoais de modo ordenado, claro, progresivo e argumentado.
4. Recolle, analiza, resume e expresa con coherencia a opinión propia e a allea, tanto a nivel oral coma escrito.
5. Expón e desenvolve un tema, seguindo pautas ou guión, tanto informativo coma literario.
6. Crea e diseña textos de diversa tipoloxía segundo a necesidade comunicativa empregando o vocabulario específico correspondente.
7. Emprega un vocabulario e léxico enriquecido, variado, con respecto ás normas da prosodia e entoación e ás ortográficas.
8. Discrimina os xéneros literarios e recoñece os seus elementos constitutivos, tanto nun texto como de xeito práctico, para a elaboración de textos de creación propia.
9. Recoñece e aplica na práctica lingüística as relacións semánticas, para a produción de

mensaxes acertadas e precisas.

10. Recoñece e emprega con corrección as distintas categorías gramaticais.
11. Discrimina os diversos usos sociais da lingua: rexistros.
12. Adecúa o seu discurso ós distintos rexistros lingüísticos en función da situación comunicativa.
13. Utiliza fontes de documentación con soltura: consulta bibliotecaria, portais web, e emprega diversos soportes TIC para a elaboración de traballos sinxelos.

3.1.5. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA

1. Respetar o traballo dos compañeiros e dos profesores.
2. Captar o sentido e as ideas fundamentais de textos orais e escritos.
3. Crear con adecuación, progresión, coherencia e cohesión textos orais e escritos dos ámbitos social, académico e persoal e de tipoloxía narrativa, descritiva, expositiva, instrutiva e diálogada.
4. Recoñecer e explicar os trazos básicos dos diversos xéneros e subxéneros literarios estudados.
5. Analizar e clasificar razoadamente diferentes textos informativos. Recoñecemento argumentado, con trazos básicos propios, do xénero.
6. Realizar resumos, esquemas e redaccións con coherencia e corrección.
7. Usar de forma correcta as regras básicas de ortografía, acentuación e puntuación.
8. Recoñecer, analizar e empregar as diversas categorías morfolóxicas ou gramaticais.
9. Discriminar o uso erróneo da temporalidade verbal.
10. Manexar con destreza dicionarios, enciclopedias e outros materiais.
11. Utilizar e manexar o vocabulario específico da materia na situación e contexto adecuados.
12. Ler e comprender os libros de lectura obrigatoria seleccionados para este curso.

3.1.6. PROCEDEMENTOSE INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Metodoloxía.

1. Como norma xeral seguiranse os principios recollidos nos puntos 1.5 e 1.6 desta Programación didáctica.
2. Seguirase unha metodoloxía activa para implicar e motivar ao alumnado e implicalos na clase fomentando a súa participación no proceso de ensino-aprendizaxe.
3. As clases seguirán, en xeral, o libro de texto pero utilizaranse tamén diversos materiais de apoio que exemplifiquen os conceptos estudados co método deductivo, no que o alumnado partirá de textos propostos con preguntas guiadas para relacionar diferentes aspectos cos coñecementos previos.
4. Realizaranse tarefas de redacción e análise de textos coa fin de adquirir novos coñecementos léxicos e semánticos e de consolidar as destrezas e competencias previas.
5. Fomentarase o traballo en grupo tentando integrar a todo o alumnado e intercambiando os compoñentes de cada equipo nas diferentes tarefas a realizar.
6. Procurarase asegurar a relación das actividades do ensino-aprendizaxe coa vida real do alumnado, partendo, sempre que sexa posible, da súa propia experiencia.
7. Deseáranse actividades que permitan ao alumnado establecer relacións entre os coñecementos e as experiencias previas e as novas aprendizaxes, facilitando deste modo a construción de aprendizaxes significativas.
8. Favorecerase a interacción entre o alumnado e entre o alumnado e a profesora para acadar contidos de claro compoñente cultural e social.
9. Teranse en conta as peculiaridades de cada grupo e os ritmos de aprendizaxe de cada alumno en concreto, para adaptar os métodos e os recursos ás diferentes situación.
10. Proporcionarase información ao alumnado sobre o momento do proceso da aprendizaxe no que se atopa, clarificando os obxectivos que debe acadar e as dificultades que debe superar.
11. Impulsarase las relaciones entre iguais proporcionando pautas que permitan a confrontación e modificación de puntos de vista, a coordinación de intereses, a toma de decisións colectivas, a axuda mutua e a superación de conflitos mediante o diálogo e a cooperación.

12. Utilizaranse materiais que fomenten a adquisición progresiva dun conxunto de conceptos e destrezas imprescindibles para o desenvolvemento persoal, social, académico e profesional do alumnado.

13. Contemplanse actividades graduadas no seu nivel de dificultade e profundización, en función da propia evolución do alumno ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe:

- Actividades previas de motivación
- Actividades de carácter xeral para todo o grupo
- Actividades de reforzo
- Actividades de ampliación
- Actividades de avaliación

14. Fíxanse tres libros de lectura obrigatoria e 5 optativos coa pretensión de achegar ao alumnado ao mundo da Literatura a través de textos interesantes e de lectura pracenteira. Ditas lecturas son as seguintes:

OBRIGATORIAS:

1. Riordan, J., Jasón y los Argonautas, Ed. Vicens-Vives
2. Gómez Cerdá, A., Barro de Medellín, Edelvives
3. Quiroga, H., El devorador de hombres, Ed. Vicens-Vives

VOLUNTARIAS:

1. Angelidou, M., Mitos griegos, Ed. Vicens-Vives
2. Gómez Cerdá, A., El rostro de la sombra, Ed. SM
3. Mallorquí, C., Las lágrimas de Shiva, Edebé
4. Riordan, J., Los doce trabajos de Hércules, Ed. Vicens-Vives
5. VV., Relatos de monstruos, Ed. Vicens-Vives

Avaliación:

1. VID. Principios xerais de aplicación no Punto 1.6 da presente Programación didáctica.

2. Realizarase unha proba inicial de preavaliación sobre contidos mínimos como punto de partida para obter un perfil sexa do grupo como de cada alumno en particular.
3. Analizaranse todas as probas realizadas para individualizar os aspectos da materia que presentaron maior dificultade ao alumnado para elaborar actividades de reforzo sobre os mesmos coa fin de recuperalos en probas sucesivas
4. Calificaranse todas as probas con 10 puntos especificando a puntuación de cada apartado.
5. A nota final obterase valorando as cualificacións das tres avaliacións así como a evolución do alumno ao longo do curso e a súa progresión positiva ou non.
6. O alumnado que non supere a asignatura en xuño terá unha convocatoria extraordinaria en setembro. Esta proba consistirá nunha proba escrita única elaborada polo Departamento para cada nivel. En dita proba haberá, ademais de preguntas sobre os contidos vistos ao longo do curso, algunha cuestión sobre os libros de lectura obrigatoria. Superarase a asignatura se a cualificación é igual ou superior a 5.

Materials

1. VID. Punto 1.5.2 da presente Programación.

3.2 LINGUA CASTELÁ E LITERATURA DE 2º ESO.



3.2.1 CONTIDOS

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: ESCOITAR E FALAR.

1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais procedentes dos ámbitos de uso persoal educativo ou escolar e social.
2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación coa súa finalidade: textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e textos argumentativos. Diálogo.
3. escoita activa e cumprimento das normas básicas que favorecen a comunicación.
4. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais.
5. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva
6. Participación en debates, coloquios e conversas espontáneas respectando as normas básicas de interacción, intervención e cortesía que regulan estas prácticas orais.
7. Creación de textos orais e audiovisuais que reproduzan situación reais ou imaxinarias de comunicación.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER E ESCRIBIR.

1. Lectura, comprensión e interpretación de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos.

2. Utilización progresivamente autónoma da biblioteca escolar e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de obtención de información. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información.
3. Coñecemento e uso das técnicas e as estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto. A escritura como proceso.
4. Produción de textos escritos e audiovisuais relacionados co ámbito persoal, educativo ou escolar e social.
5. Produción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, e escritura de textos dialogados.

BLOQUE 3. COÑECEMENTO DA LINGUA

1. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección.
2. Coñecemento, uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas para conseguir unha comunicación eficaz.
3. Comprensión e interpretación dos compoñentes do significado das palabras: denotación e connotación.
4. Coñecemento reflexivo das relacións semánticas que se establecen entre as palabras.
5. Observación, reflexión e explicación dos cambios que afectan o significado das palabras: causas e mecanismos. Metáfora, metonimia, palabras tabú e eufemismos.
6. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.
7. Recoñecemento, uso e explicación dos recursos de modalización en función da persoa que fala ou escribe. Expresión da obxectividade e a subxectividade a través das modalidades oracionais e as referencias internas ao emisor e ao receptor nos textos.
8. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares

como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

9. Recoñecemento da diversidade lingüística propia do ámbito persoal, social e mediático.
10. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

BLOQUE 4. EDUCACIÓN LITERARIA

1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.
2. Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos, utilizando as convencións formais do xénero e con intención lúdica e creativa.

3.2.2 TEMPORALIZACIÓN

1ª AVALIACIÓN:

Mecánicas de comprensión expresión: tema, resumo, esquema.

Principios básicos de corrección lingüística.

Coherencia e cohesión.

Lingua oral e lingua escrita.

Tipoloxía textual: narración e descrición.

Morfoloxía.

Xéneros literarios.

Xénero épico (narrativo).

2ª AVALIACIÓN:

Principios básicos de corrección lingüística.

Mecánicas de comprensión expresión: tema, resumo, esquema.

Tipoloxía textual: exposición, argumentación, instrución.

Morfoloxía.

O xénero dramático. Diálogo.

3ª AVALIACIÓN:

Mecánicas de comprensión expresión: tema, resumo, esquema.

Principios básicos de corrección lingüística.

Morfoloxía: repaso integral.

Léxico. Semántica.

Modalidade oracional.

O xénero lírico.

A temporalización é orientativa: a marcha do grupo e as súas peculiaridades poden causar algúns cambios na secuenciación da materia.

3.2.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Aplicarase o recollido no punto 1.6 da presente Programación.

3.2.4 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1. Comprende o significado global de textos orais e escritos de diversos ámbitos.
2. Identifica a estrutura e a información relevante en textos de tipoloxía e intención comunicativa diversas.
3. Recoñece a expresión da obxectividade ou subxectividade identificando as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.
4. Resume, esquematiza, explica e reflexiona de xeito argumentado sobre cuestións lingüísticas e literarias recollidas do contido curricular deste curso. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos compañeiros.
5. Determina o tema e deduce información relevante.

6. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización no contido do texto.
7. Realiza presentacións orais e escritas con arreglo ás estratexias propias de cada mecánica (planificación, precisión, organización, progresión, atención ós elementos da interacción, etc).
8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
9. Incorpora o vocabulario específico da disciplina de xeito progresivo.
10. Le e exprésase con propiedade atendendo á finalidade comunicativa e ao contexto.
11. Emprega de xeito independente diversas fontes de información e trátaa de xeito integrado e selectivo.
12. Explica o significado complementario ó discurso lingüístico de elementos de apoio audiovisual.
13. Coñece, analiza e emprega con corrección as diversas categorías gramaticais, con especial atención ó verbo e o pronome en usos concordantes.
14. Analiza fragmentos literarios con adecuación á linguaxe específica a aos trazos característicos dos mesmos, tanto como tipoloxía textual como xénero literario.
15. Diferenza os usos semánticos subxectivos e obxectivos: connotación e denotación; metáfora e metonimia; tabú e eufemismo.
16. Emprega con acerto os conectores textuais e os principais mecanismos de coherencia e cohesión, discriminando rexistro formal ou coloquial.

3.2.5 MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA

1. Coñecer, analizar e explicar os contidos traballados.

2. Comprender o sentido dos textos orais e escritos.
3. Facer resumos con coherencia e corrección.
4. Expresar o tema, elaborar o resumo e establecer a estrutura de diferentes tipos de texto, tanto literarios como non literarios.
5. Recoñecer e explicar as características da tipoloxía textual a partir de textos concretos.
6. Coñecer e empregar as regras básicas de ortografía, acentuación e puntuación.
7. Manexar axeitadamente os dicionarios, enciclopedias e outros materiais de consulta. Extraer e procesar a información con precisión e claridade.
8. Analizar morfoloxicamente de xeito completo as diversas categorías gramaticais.
9. Identificar as principais relacións de significado entre os elementos léxicos.
10. Clasificar razoadamente un texto como linguaxe literaria ou informativa.
11. Identificar o xénero e subxénero dun fragmento ou dunha obra literaria das traballadas na aula.
12. Recoñecer e explicar reflexivamente as características fundamentais dos textos literarios explicados: época, autor, temas, características.
13. Aportar a valoración ou crítica persoal de xeito fundamentado.
14. Empregar o vocabulario específico da materia na situación e contexto adecuados.
15. Ler, comprender e explicar, segundo as actividades requiridas, as lecturas seleccionadas para ese curso.

3.2.6 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

- Como norma xeral, seguiranse os principios recollidos nos puntos 1.5 e 1.6 da presente Programación didáctica.

Na cualificación de cada avaliación serán valorados:

1. A asistencia continuada e puntual a clase, e a participación nas actividades escolares e extraescolares.
2. As probas orais ou escritas, con aspectos teóricos e prácticos, propostas ao alumnado de xeito

individual ou colectiva.

3. O caderno de clase. O alumnado deberá levar o seu caderno ao día. Valoraranse a dilixencia e a aplicación na realización das actividades, a presentación clara e limpa de todos os traballos, a calidade dos mesmos e a conservación adecuada do material.

4. A expresión escrita cohesionada, coherente e axustada á norma. Por cada erro se descontarán da nota de cada proba escrita 0,10 puntos, ata un máximo de dous puntos. Por aqueles erros que o profesorado considere de especial importancia se descontarán 0.2 puntos.

5. A competencia comunicativa oral e escrita, demostrada a través da produción de textos de diversas modalidades.

6. A comprensión e emprego de léxico adecuado ao nivel.

7. A comprensión das ideas principais e secundarias de textos adecuados a cada nivel. A competencia para “aprender a aprender”.

8. O coñecemento e o uso dos conceptos de teoría lingüística que figuran no listado de contidos mínimos do curso correspondente.

9. O coñecemento e o uso de conceptos de teoría e historia literaria que figuren no listado de contidos mínimos do curso correspondente.

10. O coñecemento dos movementos estéticos de cada período histórico, e dos seus autores e obras máis representativas.

11. A lectura de obras seleccionadas polo Departamento, e a superación de proba escritas y orales referentes a elas. Fíxanse os seguintes libros de lectura obrigatoria para a 1ª e a 2ª avaliación, coa pretensión de achegar ao alumnado ao mundo da Literatura a través de textos interesantes e de lectura pracenteira. Ditas lecturas son as seguintes:

1ª avaliación	<i>El libro del cementerio</i> , Gaiman, Neil, Roca Editorial de Libros
2ª avaliación	<i>Memorias de una vaca</i> , Atxaga, Bernardo, Ed.SM, Colección El Barco de Vapor

As lecturas para a 3ª avaliación determinaranse en función da evolución do alumnado.

3.3 LINGUA CASTELÁ E LITERATURA DE 3º ESO.



3.3.1 CONTIDOS

BLOQUE 1. ESCOITAR, FALAR E CONVERSAR

1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación co ámbito de uso: persoal, educativo ou escolar, e social.
2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación coa súa finalidade: textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos.
3. Observación, reflexión, comprensión e valoración do sentido global dos debates, os coloquios e as conversas espontáneas, da intención comunicativa decada interlocutor/a, e aplicación das normas básicas que os regulan.
4. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais.
5. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva.
6. Participación en debates, coloquios e conversas espontáneas respectando as normas básicas de interacción, intervención e cortesía que regulan estas prácticas orais.

BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR

1. Coñecemento e usa das técnicas e estratexias necesarias para unha lectura comprensiva e

crítica.

2. Lectura, comprensión e interpretación de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos.
3. Actitude progresivamente crítica e reflexiva ante a lectura organizando razoadamente as ideas e expóndoas, respectando as ideas das demais persoas.
4. Utilización das bibliotecas e das novas tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, organización e presentación da información.
5. Coñecemento e uso das técnicas e estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto. A escritura como proceso.
6. Producción de textos escritos e audiovisuais dos ámbitos cotián e das relacións sociais.
7. Producción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos e escritura de textos dialogados.
8. Interese crecente pola composición escrita como fonte de información e aprendizaxe e como xeito de comunicar sentimentos, experiencias, coñecementos e emocións.

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

1. Coñecemento e aplicación correcta das normas ortográficas.
2. Análise da palabra a nivel morfolóxico, sintáctico e semántico: análise e explicación das diversas categorías gramaticais.
3. Recoñecemento e uso correcto nos textos dos tempos e perífrases verbais, tomando conciencia das principais diferenzas a este respecto entre o castelán estándar e o galego.
4. Coñecemento da estrutura interna da palabra, da flexión e dos principais procesos de formación de palabras en español.
5. Análise morfolóxica en constituíntes. Clasificación da palabra. Recursos de formación de léxico: siglas e acrónimos.
6. Coñecemento e análise morfolóxica das distintas unidades da gramática
7. Recoñecemento dos constituíntes sintácticos da oración simple: frases e funcións sintácticas.

8. Análise da estrutura sintáctica da oración simple recoñecendo os principais subtipos de unidades sintácticas e diferenciando entre constituínte, categoría e función nos diferentes niveis de análise.
9. Modalidade oracional e clasificación do predicado: modus e dictum. Impersoais, pasivas e activas.
10. Recoñecemento, uso e explicación dos recursos de modalización en función da persoa que fala ou escribe. Expresión da obxectividade e a subxectividade a través das modalidades oracionais e as referencias internas ao emisor e ao receptor nos textos.
11. Identificación dos distintos tipos de textos: argumentación, exposición, descrición e narración. Recoñecemento e explicación dos seus trazos característicos e aplicación en textos de creación propia.
12. Identificación e uso dos mecanismos de cohesión textual, en especial os elementos de correferencia gramatical (elementos anafóricos e catafóricos), os marcadores do discurso e os procedementos de cohesión léxica (“sinónimos” referenciais, parellas hiperónimo/hipónimo, etc.).
13. Coñecemento das orixes históricas da realidade plurilingüe de España, e valoración como fonte de enriquecemento persoal e como mostra da riqueza do noso patrimonio histórico e cultural.
14. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos o culturais.
15. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

BLOQUE 3. EDUCACIÓN LITERARIA

1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.

2. Aproximación aos xéneros literarios e ás obras máis representativas da literatura española da Idade Media ao Século de Ouro a través da lectura e explicación de fragmentos significativos e, de ser o caso, textos completos. Reflexión e superación de estereotipos de xénero, clase, crenzas, etc.
3. Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos, utilizando as convencións formais do xénero e con intención lúdica e creativa.
4. Consulta e utilización de fontes e recursos variados de información para a realización de traballos.

3.3.2 TEMPORALIZACIÓN

1ª AVALIACIÓN

Dialectoloxía: realidade plurilingüe de España. Variedades diatópicas do español.

Tipoloxía textual: narración, descrición.

LITERATURA MEDIEVAL: SÉCULOS X-XV

Morfoloxía: categorías simples.

Sintaxe da cláusula (oración) simple: funcións básicas. A frase e a súa tipoloxía.

Mecánicas de comprensión expresión: tema, resumo, esquema e comentario.

2ª AVALIACIÓN

LITERATURA RENACEMENTO: SÉCULO XVI

Morfoloxía: análise en constituíntes, clasificación da palabra, perífrases verbais e tempos verbais conflictivos. Siglas e acrónimos.

Tipoloxía textual: exposición, argumentación.

Sintaxe. Oracións simple. Funcións básicas. Tipoloxía.

Mecánicas de comprensión expresión: tema, resumo, esquema e comentario.

3ª AVALIACIÓN

LITERATURA : BARROCO (S. XVII)

Morfoloxía: repaso integral.

Tipoloxía textual: textos publicitarios. Opinión, valoración, persuasión.

Sintaxe: modus e dictum. Repaso integral.

Coherencia e cohesión: tipos e mecanismos.

Mecánicas de comprensión expresión: tema, resumo, esquema e comentario.

NOTA: A ortografía é un contido vehicular que se tratará ó longo de todo o curso académico, en sesións de lingua ou literatura, indistintamente.

A temporalización é orientativa: a marcha do grupo e as súas peculiaridades poden causar algúns cambios na secuenciación da materia.

3.3.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Aplicarase o recollido no punto 1.6 da presente Programación.

3.3.4 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

Tanto a nivel oral coma escrito:

1. Comprende, deduce e sintetiza a idea xeral dun texto e relaciónaa co contexto, tanto na linguaxe literaria como informativa.
2. Recoñece, esquematiza e relaciona de modo lóxico as ideas secundarias.
3. Precisa o tema, elabora o resumo e esquematiza a estrutura de textos do ámbito académico, social e persoal, tanto de carácter literario coma non literario.
4. Relata, expón, explica, comenta temas de interese, con axuda de medios TIC, con adecuación e coherencia, respectando as normas gramaticais e ortográficas e empregando a planificación de textos.
5. Coñece e emprega de modo selectivo, segundo a finalidade, diversos soportes informáticos e dixitais para a organización e presentación dos traballos.
6. Realiza inferencias e hipóteses sobre os matices de significado que axudan a construír o significado xeral e a avaliación crítica.
7. Identifica e xustifica, con datos dos textos, a intención comunicativa, o ton, o enfoque.
8. Discrimina os niveis e rexistros da lingua e é quen de empregalos con corrección e acerto en diferentes contextos.
9. Produce textos do ámbito familiar, social e académico de tipoloxía diversa (expositivos, argumentativos, narrativos, descritivos) empregando rexistro e nivel adecuados e as

normas tanto prosódicas (oralidade) como ortográficas (escrita) e os criterios de coherencia e cohesión.

10. Elabora, expón e defende, con coherencia e respecto polos demais, a opinión propia sobre a interpretación dunha situación, feito ou texto.
11. Emprega e integra diversas fontes de información e é selectivo con elas.
12. Coñece e emprega axeitadamente a terminoloxía lingüística e literaria precisa para a reflexión, a análise e o comentario.
13. Recoñece, describe e clasifica con precisión as unidades gramaticais a nivel morfolóxico, sintáctico e semántico.
14. Discrimina as distintas categorías gramaticais e realiza análises morfolóxicas completas.
15. Emprega con progresiva corrección e conciencia diferencial as formas verbais do español, discriminando calcos e galeguismos verbais. Especialmente as perífrases verbais e a temporalidade verbal.
16. Recoñece, identifica, clasifica e emprega con corrección as distintas funcións sintácticas básicas: realización de análises sintácticas arbóreas.
17. Identifica e explica os elementos constitutivos da frase e da cláusula (oración) simple.
18. Clasifica e crea oracións varias segundo a clasificación do predicado.
19. Aplica, recoñece e explica os distintos procedementos de formación de palabras. Analiza con precisión os compoñentes.
20. Identifica a modalidade discursiva e fai un uso preciso da mesma en función da intencionalidade comunicativa, en contextos de uso reais ou ficticios.
21. Diferenza e discrimina os distintos tipos de significado no contexto e emprégaoos con acerto segundo a situación comunicativa e a finalidade.
22. Coñece as orixes históricas da realidade plurilingüe de España. Valóraa como fonte de enriquecemento. Explica no mapa as características das linguas peninsulares e recoñéceas e analízaas nos textos.
23. Le, comprende e analiza, de maneira coherente, incorporando vocabulario específico, obras literarias representativas de cada período ou estética traballada durante o curso.

24. Aporta puntos de vista persoais argumentados e razonados sobre as lecturas obrigatorias e as actividades propostas na aula.
25. Reflexiona e relaciona de xeito multidisciplinar e transversal obras de lectura e outras manifestacións artísticas.
26. Participa de modo activo na aula explicando, analizando e valorando os textos elixidos.
27. Recoñece, enuncia e explica os temas, tópicos e trazos característicos dun autor, dunha obra, dunha estética determinada.
28. Comenta adecuadamente fragmentos de texto das obras de lectura obrigatoria: identifica o autor, localización no argumento, recoñece temas e explícaos, caracteriza os personaxes e explica as características teóricas da obra presentes no texto, de xeito exemplificado.
29. Relaciona a obra cunha estética literaria determinada de xeito razoado a partir do texto obxecto de análise: dende a literatura medieval a literatura do século XVII.
30. Comprende, deduce e sintetiza a idea xeral dun texto e relaciónaa co contexto, tanto na linguaxe literaria como informativa.
31. Recoñece, esquematiza e relaciona de modo lóxico as ideas secundarias.

3.3.5 MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA

1. Comprender diferentes tipos de textos, en especial os de tipo académico e xornalístico, sabendo identificar o tema principal e as ideas secundarias e reflectindo estas ideas e a súa xerarquización en esquemas, diagramas, mapas conceptuais, etc.
2. Realizar resumos, tanto orais como escritos, de textos diversos.
3. Identificar e expresar con corrección o tema.
4. Redactar textos escritos e producir textos, orais e escritos, con adecuación (emprego do rexistro adecuado, precisión e riqueza léxica...), coherencia (unidade de contido, progresión temática e congruencia) e corrección (pronuncia clara, entoación apropiada, corrección ortográfica, etc.).
5. Realizar exposicións orais sobre temas académicos ou de actualidade documentadas, valorando o apoio audiovisual ás mesmas, manexando as estratexias de presentación e exposición axeitadas.
6. Recoñecer de forma xustificada os diferentes tipos de textos, identificando e explicando os trazos

identificativos de cada un.

7. Diferenciar as distintas clases de palabras, coñecer os principais procesos de formación das mesmas e realizar análises morfolóxicas.
8. Recoñecer os distintos tipos de unidades sintácticas (palabra, frase e oración simple) e realizar análises sintácticas distinguindo constituíntes: categorías, relacións e funcións.
9. Clasificar a oración simple segundo a intencionalidade comunicativa e recoñecer os diversos tipos de predicado.
10. Coñecer os principais autores e obras da literatura española desde as súas orixes ata o século XVIII.
11. Relacionar as obras, autores e movementos literarios co contexto sociocultural no que se producen.
12. Ler e comprender as obras de lectura obrigatoria e identificar os seus trazos teóricos máis destacables de xeito razoado e exemplificado a partir dos textos..
13. Identificar o xénero e período ao que pertence un texto literario e recoñecer os seus elementos estruturais e características fundamentais.
14. Comentar adecuadamente fragmentos de texto das obras de lectura obrigatoria: identificación do autor, localización no argumento, recoñecemento de temas, caracterización de personaxes, explicación de características teóricas presentes no texto.
15. Identificar de forma xustificada a variedade diatópica e o xénero de textos, tanto literarios como non literarios.
16. Recoñecer en contextos de uso os diversos significados da palabra e da estrutura sintáctica, segundo o seu valor semántico.
17. Uso da sintaxe e da semántica para a creación de contextos progresivos, coherentes, e cohesionados, en relación ó contexto.
18. Empregar con corrección ortográfica e expresiva a lingua española, tanto no discurso oral como escrito.
19. Resolver adecuadamente os exercicios e entregar os traballos propostos con puntualidade, boa presentación e unha documentación e desenvolvemento adecuados.

3.3.6 PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE CALIFICACIÓN

Na cualificación de cada avaliación serán valorados:

1. A asistencia continuada e puntual a clase, e a participación nas actividades escolares e extraescolares.
2. As probas orais ou escritas, con aspectos teóricos e prácticos, propostas ao alumnado de xeito individual ou colectiva.
3. O caderno de clase. O alumnado deberá levar o seu caderno ao día. Valoraranse a dilixencia e a aplicación na realización das actividades, a presentación clara e limpa de todos os traballos, a calidade dos mesmos e a conservación adecuada do material. Este caderno, debidamente elaborado, poderá computar ata un 10% na nota de cada avaliación.
4. A expresión escrita cohesionada, coherente e axustada á norma. Por cada erro se descontarán da nota de cada proba escrita 0,10 puntos, ata un máximo de dous puntos. Por aqueles erros que o profesorado considere de especial importancia se descontarán 0.2 puntos.
5. A competencia comunicativa oral e escrita, demostrada a través da produción de textos de diversas modalidades.
6. A comprensión e emprego de léxico adecuado ao nivel.
7. A comprensión das ideas principais e secundarias de textos adecuados a cada nivel. A competencia para “aprender a aprender”.
8. O coñecemento e o uso dos conceptos de teoría lingüística que figuran no listado de contidos mínimos do curso correspondente.
9. O coñecemento dos movementos estéticos de cada período histórico, e dos seus autores e obras máis representativas.
10. O coñecemento e o uso de conceptos de teoría e historia literaria
11. A lectura de obras seleccionadas polo Departamento, e a superación de probas escritas e orais referentes a elas e incluídas dentro dos exames ordinarios. Fíxanse os seguintes libros de lectura obrigatoria para a 1ª e a 2ª avaliación, coa pretensión de achegar ao alumnado ao mundo da Literatura a través de textos interesantes e de lectura pracenteira.

Ditas lecturas son as seguintes:

1ª avaliación	<i>La catedral</i> , Mallorquí, César, Ed. Cátedra <i>Finis Mundi</i> , Gallego, Laura, Ed. SM, Colección El Barco de Vapor Rojo
2ª avaliación	<i>Lazarillo de Tormes</i> , Anónimo, Ed. Vicens Vives (Clásicos Adaptados)

As obras de lectura para a 3ª avaliación determinaranse en función da evolución dos grupos.

3.4 LINGUA CASTELÁ E LITERATURA DE 4º ESO.



3.4.1CONTIDOS

BLOQUE 1. ESCOITAR , FALAR E CONVERSAR

1. Estudo de textos orais en relación co ámbito de uso: persoal, educativo, social e laboral.
2. Textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos orais. Diálogo: estudo, comprensión e elaboración.
3. Debates, coloquios, entrevistas e conversas espontáneas: observación e comprensión. Aplicación das normas básicas que regulan a comunicación.
4. Producción de textos orais: diferentes estratexias.
5. Valoración da lingua oral como instrumento de aprendizaxe, como medio para transmitir coñecementos, ideas e sentimentos, e como ferramenta para regular a conduta.
6. Falar en público: iniciación. Instrumentos de autoavaliación en prácticas orais formais ou informais.
7. Normas de cortesía da comunicación oral que regulan as conversas espontáneas e outras

prácticas discursivas orais propias dos medios de comunicación. Debate.

8. Creación de textos orais e audiovisuais que reproduzan situacións reais ou imaxinarias de comunicación.

BLOQUE 2. LER E ESCRIBIR

1. Aprendizaxe de técnicas e estratexias de comprensión escrita: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión.
2. Lectura comprensiva tanto de textos escritos persoais, educativos, sociais e laborais como de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados.
3. Reflexión e crítica textual: creación dun criterio propio ante a lectura.
4. Utilización das bibliotecas e das tecnoloxías da información e da comunicación.
5. Producción de textos escritos e audiovisuais tanto propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral como narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados.
6. A composición escrita como fonte de información, aprendizaxe e enriquecemento persoal e profesional.

BLOQUE 3. COÑECEMENTO DA LINGUA

1. Variedades diatópicas, diastráticas e diafásicas: recoñecemento, identificación de trazos e clasificación. Uso da lingua en distintos ámbitos sociais. Importancia do uso do rexistro e nivel adecuados segundo a situación comunicativa. Lingua e dialecto. O castelán actual e os seus principais dialectos. O español no mundo.
2. Categorias gramaticais: análise e descripción morfolóxica completa. Valores expresivos e de uso, especialmente do adxectivo, os determinantes e os pronomes.
3. Verbo: valores expresivos e uso en textos con diferente intención comunicativa.
4. Procesos de formación de palabras: análise en constituintes internos. Clasificación da palabra. Prefixación e sufixación: significado e orixe culta.
5. Semántica: tipos de significado (significación, denotación e connotación; tabú e eufemismo). Frases feitas. Relacións semánticas (sinonimia, antonimia, polisemia, homonimia).
6. A oración simple e a composta. Análise e recoñecemento de categorías, funcións e relacións. Relación coa finalidade comunicativa da lingua.

7. Tipoloxía textual, con especial atención aos discursos expositivos e argumentativos: trazos característicos e finalidade.
8. Conectores textuais e principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais (substitucións pronominais) como léxicos (elipses e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos). Recoñecemento e uso.
9. Dimensións da lingua: uso comunicativo da mesma. Recoñecemento e aplicación a nivel oral e escrito.
10. Documentación: emprego de fontes diversas, filtración e integración da información .
11. Normas ortográficas e gramaticais: recoñecemento do seu valor social e como medio de obter unha comunicación eficiente.

BLOQUE 4. EDUCACIÓN LITERARIA

1. Lectura individual de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura: lecturas obrigatorias (dúas por avaliación -exemplifican os diversos movementos e períodos literarios) e lecturas voluntarias (clásicos e adaptacións xuvenís relacionadas co período literario que abrangue este nivel).
2. Do século XVIII aos nosos días: aproximación ás obras máis representativas da literatura española a través da lectura e a explicación de fragmentos significativos e, de ser o caso, obras completas. Reflexión e superación de estereotipos de xénero, clase, crenzas, etc.
3. S. XVIII: Neoclasicismo.
4. Romanticismo.
5. Realismo e o Naturalismo.
6. Modernismo e Xeración do 98.
7. Xeración do 27.
8. A literatura española da posguerra.
9. Realismo social.
10. Os anos sesenta e a renovación formal.
11. A literatura española dende 1975.
12. A literatura hispanoamericana do século XX.
13. Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos do século XX, con intención lúdica e creativa.

14. Consulta de fontes de información variadas para a realización de traballos e a cita adecuada da bibliografía.

3.4.2 TEMPORALIZACIÓN

1ª AVALIACIÓN.

PARCIAL 1 (luns 29 outubro) 18 sesións:

- Morfosintaxe oración simple. Modalidade oracional e clasificación do predicado. (1h)
- Oración composta: relacións. (1)
- Oración composta coordinada: tipos, recoñecemento, análise e creación.(5)
- Morfoloxía básica, verbo irregular e perífrases verbais.(2)
- Literatura do século XVIII: Neoclasicismo. (9)

PARCIAL 2 (xoves 13 decembro) 18 sesións:

- Variedades diatópicas, diastráticas ediafásicas. Español no mundo.(5)
- O texto e as súas propiedades. Tipoloxía textual: narración e descrición. (3)
- Literatura do século XIX: Romantismo, Realismo e Naturalismo. (10)

2ª AVALIACIÓN.

LCL PENDENTE: martes 15 xaneiro (16 a 17:30 h)

PARCIAL 1 (xoves 31 xaneiro) 13 sesións:

- Literatura finisecular. (2)
- Vanguardas e literatura anterior á Guerra Civil.(5)
- Tipoloxía textual: exposición e argumentación. Coherencia e cohesión.(3)
- Xéneros e subxéneros xornalísticos, informativos e de opinión. (3)

PARCIAL 2 (xoves 14 marzo) 14 sesións:

- Miguel Hernández e a literatura do exilio. (5)
- Oración composta subordinada: tipos, recoñecemento, análise e creación.(4)
- Estrutura interna da palabra: procedementos de formación. Clasificación. (3)
- Categorias gramaticais (II): valores desviados do verbo; uso de tempos específicos (pto. Anterior/ Pto. Pluscuamperfecto indicativo; Pto. Perfecto composto/Pto. Pluscuamperfecto subxuntivo). (2)

3ª AVALIACIÓN.

PARCIAL 1 (xoves 9 maio)18 sesións:

- Literatura española de posguerra. Realismo social. Anos sesenta e renovación formal.(9)
- Oración composta interordinada: tipos, recoñecemento, análise e creación. (6)

- A comunicación: elementos e dimensións. (3)

PARCIAL 2 (luns 10 xuño) 18 clases:

- Literatura española desde 1975. Literatura hispanoamericana do século XX. (9)
- Semántica: significación denotación e connotación. Tabú e eufemismo. Frases feitas. Polisemia, sinonimia, homonimia e antonimia. (6)
- Valores expresivos e de uso, especialmente en pronomes e adxectivos: a impersonalidade. (3)

PENDENTES EXAME OFICIAL: MES DE MAIO (A FIXAR POR DIRECCIÓN).

EXAME FINAL DE RECUPERACIÓN: luns 17 de xuño ou data sinalada por dirección.

3.4.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

- **Como norma xeral seguiranse os principios recollidos no apartado 1.6 desta programación didáctica.**
1. Comprender e explicar a intención comunicativa, as ideas fundamentais e a información específica de textos orais e escritos, en especial de tipo expositivo e argumentativo pertencentes aos ámbitos académico e dos medios de comunicación.
 2. Aplicar con acerto mecánicas de síntese (tema, resumo, esquema) e mecánicas de análise literaria ou lingüística (comentarios), con adecuación e coherencia, respectando as normas gramaticais e ortográficas e utilizando a planificación e revisión de textos.
 3. Recoñecer e analizar os trazos característicos relacionados coa tipoloxía textual. Identificación e clasificación dos textos.
 4. Describir, narrar, expoñer, explicar e razonar ou argumentar de acordo ás normas básicas de cada técnica.
 5. Producir diferentes tipos de textos orais e escritos (sobre todo exposicións, explicacións, argumentacións) con adecuación, coherencia, cohesión, progresión e corrección.
 6. Explicar e identificar trazos característicos dos medios de comunicación e da publicidade.
 7. Realizar exposicións e argumentacións orais e escritas sobre temas de interese aplicando medios audiovisuais e TIC.
 8. Definir, identificar ou recoñecer e analizar en secuencias illadas, ou en textos, as diversas categorías morfolóxicas, relacións e unidades sintácticas empregando a terminoloxía lingüística apropiada.
 9. Realizar análises morfolóxicas e sintácticas completas.

10. Construir secuencias morfosintácticas de uso correcto que respondan a esquemas predeterminados.
11. Recoñecer os principais procedementos na formación das palabras. Identificación en textos.
12. Identificar en textos os trazos máis significativos das variedades diatópicas, diastráticas e diafásicas do español.
13. Identificar de forma xustificada o rexistro, o xénero e os trazos identificativos de diferentes tipos de textos, tanto literarios como non literarios.
14. Coñecer e valorar a realidade do castelán dende o punto de vista diatópico, diastrático e diafásico.
15. Empregar con adecuación e corrección en contextos comunicativos, cada unha das variantes, en situacións da vida cotiá tanto persoais como formais.
16. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais ou escritos e para a composición e revisión progresivamente autónoma dos textos propios.
17. Coñecer os principais periodos, movementos, autores e obras da literatura en español desde o século XVIII ata a actualidade.
18. Explicar os principais elementos característicos -temáticos e estéticos- dos periodos e movementos máis importantes da historia da literatura española desde o século XVIII ata a actualidade, e recoñecelos en textos ou fragmentos representativos.
19. Comentar, de xeito literario ou crítico, textos ou fragmentos literarios representativos do periodo da literatura española e hispanoamericana obxecto de estudo neste nivel.
20. Realizar as lecturas obrigatorias e recoñecer nelas os trazos temáticos e estéticos básicos que permitan a súa adscripción a un determinado movemento literario.
21. Ler de xeito comprensivo e reflexivo textos literarios dos periodos estudados, as obras de lectura obligatoria propostas.
22. Expoñer con corrección a opinión sobre as lecturas realizadas e situar o sentido da obra en relación co contexto.
23. Responder con precisión e uso de terminoloxía específica.
24. Consultar, seleccionar, elaborar e presentar información utilizando medios tradicionais e as novas tecnoloxías.
25. Realizar os diferentes tipos de actividades e exercicios que se propoñan e mostrar unha

actitude participativa no proceso de formación.

26. Realizar lecturas voluntarias e aplicar con acerto as normas para a súa correcta análise, tanto formal como temática.

3.4.4 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E OBXECTIVOS DO CURSO)

- O primeiro dígito desta numeración corresponde ó estándar e o segundo ós criterios de avaliación referidos no punto anterior -3.4.3- Para a identificación de obxectivos, véxase punto 1.2 da presente Programación: enumeración de obxectivos para LCL en ESO, páx.6-8.

1.1. Comprende, deduce e sintetiza a idea xeral dun texto e relaciónaa co contexto, tanto na linguaxe literaria como informativa. **(Obxectivo a)**

2.1 Comprende, identifica e expón con acerto a finalidade de textos expositivos e argumentativos pertencentes ós ámbitos académico e de comunicación. **(Obxectivo a,b,d,f)**

3.2 Elabora e expón temas, resumos e esquemas coherentes e precisos. **(Obxectivo a,b,d,f)**

4.2/3 Analiza as características básicas dun texto literario ou non literario, e articula o comentario dos mesmos, de xeito atinado, coherente e cohesionado. **(Obxectivo a,b,e,f,h,i,j)**

5.3 Identifica e xustifica, de xeito exemplificado e razonado, a intención comunicativa, o ton, o enfoque e as características identificativas da modalidade ou tipoloxía textual empregada en cada caso (Descrición, narración, argumentación, exposición). **(Obxectivo a,b,d,e,g)**

6.4 Produce textos do ámbito familiar e académico de tipoloxía diversa (expositivos, argumentativos, narrativos, descritivos) empregando rexistro e nivel adecuados e as normas tanto prosódicas (oralidade) como ortográficas (escrita) e os criterios de coherencia e cohesión. **(Obxectivo a,b,d,e,g)**

7.5 Discrimina os niveis e os rexistros da lingua e é quen de empregalos con corrección e acerto en diferentes contextos. **(Obxectivo a,b,e, k,l)**

8.6 Recoñece as principais características dos mass media e da publicidade, e realiza a súa análise de xeito acertado. **(Obxectivo e,f,g)**

9.6/23 Aplica as características deste tipo de textos á creación propia, de xeito coherente e empregando terminoloxía específica **(Obxectivo k,l)**

9.7 Interpreta, deduce e explica a información en soportes varios: diagramas, gráficos, fotografías, mapas conceptuais... **(Obxectivo a,d,e)**

10.7/24 Coñece e emprega de modo selectivo, segundo a finalidade, diversos soportes informáticos e dixitais para a organización e presentación dos traballos e presenta a información integrando medios tradicionais e novas tecnoloxías. **(Obxectivo b,g)**

11.8 Recoñece, describe e emprega con precisión as unidades gramaticais a nivel morfolóxico, sintáctico e semántico. **(Obxectivo b,k)**

12.8 Identifica e explica os elementos constitutivos da frase, da oración simple e da composta. **(Obxectivo b,f,k)**

13.8 Localiza no texto ou discurso funcións e unidades sintácticas. **(Obxectivo b,k)**

14.9 Realiza análises sintácticas arbóreas para establecer as relacións entre partes constituintes do discurso. **(Obxectivo b,k)**

15.10 Crea estruturas lingüísticas representativas de unidades, funcións e finalidade. **(Obxectivo b,k)**

16.10 Recoñece e emprega acertadamente, con adecuación ó contexto, os diversos conectores inter e intra oracionais, dependendo da finalidade comunicativa. **(Obxectivo b,k)**

17.10 Identifica a modalidade discursiva e emprégaa adecuadamente en contextos de uso

axeitados. **(Obxectivo a,b,d)**

18.11 Aplica e reconece os distintos procedementos de formación de palabras. **(Obxectivo a,b,e)**

19.12/13 Adscribe de xeito razonado, mediante o recoñecemento e explicación dos trazos identificativos, unha determinada manifestación lingüística -literaria ou non- a unha variedade diatópica, diastrática e diafásica e a un xénero literario determinado. **(Obxectivo a,b,c,d,l)**

20.14 Coñece e ubica no mapa a dispersión do español polo mundo. **(Obxectivo c)**

21.14 Explica no mapa as características das variedades diatópicas do español de América e das principais variedades peninsulares. **(Obxectivo a,b,c)**

22. 15 Crea exemplos de comunicación adecuados e coherentes tendo en conta as variedades enumeradas no punto 19, en situacións da vida cotiá tanto persoais coma formais. **(Obxectivo a,b,c,d,l)**

23.16 Diferenza e discrimina os distintos tipos de significado no contexto e emprégaos con acerto segundo a situación comunicativa e a finalidade. **(Obxectivo a,b,d,l)**

24.17 Le, comprende e valora de maneira progresiva obras literarias, tanto as obrigatorias coma as voluntarias, representativas de cada período ou estética literaria dende o século XVIII á actualidade. **(Obxectivo h,j)**

25.17 Reflexiona e relaciona de xeito razoado, multidisciplinar e transversal, obras de lectura obrigatorias, voluntarias e outras manifestacións artísticas. **(Obxectivo h,i,j)**

26.18/19 Participa de modo activo na aula explicando, analizando e valorando os textos obxecto de estudo. **(Obxectivo a,b,d,e,g,h,i,j,k)**

27.18/19/20 Recoñece e explica os temas, tópicos e trazos característicos dun autor ou dunha obra literaria. **(Obxectivo h,i,j,l)**

28.18/19/20 Relaciona unha determinada obra literaria cunha estética e período literarios determinados, de xeito razoado, recoñecendo e explicando os trazos temáticos e formais significativos, nun discurso coherente, cohesionado e progresivo. **(Obxectivo b,h,i,j,l)**

29.20/21/22/26 Traballa, explica eazona as lecturas obrigatorias e voluntarias, de tal xeito que identifica con acerto, características temáticas e formais das mesmas. **(Obxectivo b,h,i,j,l)**

30.20/21/22/26 Adscribe de xeito razoado textos dos períodos estudados, as obras de lectura obrigatorias e as voluntarias a un período literario determinado. **(Obxectivo b,h,i,j)**

31.25 Presenta en tempo e forma actividades de aula: comentarios, traballos, exposicións, etc. E participa activamente no desenvolvemento do seu proceso formativo, amosando interese e esforzo. **(Obxectivo b,d,e,k)**

3.4.5 MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ACADAR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA.

1. Identificación e análise dos trazos máis significativos dos xéneros literarios, da tipoloxía textual e das variantes diatópicas, diastráticas e diafásicas do español.
2. Produción de diferentes tipos de textos, orais e escritos, con adecuación, coherencia, progresión, corrección e presentación adecuada, a nivel oral e escrito.
3. Comprensión de textos orais e escritos, identificación das súas ideas fundamentais mediante a aplicación de mecánicas como: tema, resumo, esquema.
4. Aplicación de técnicas de análise e reflexión lingüística e literaria mediante a técnica do comentario de análise literaria ou de carácter crítico sobre temas de actualidade.
5. Análise e descripción morfolóxica completa das diversas categorías gramaticais.
6. Recoñecemento e análise dos diferentes tipos de unidades sintácticas (frase, oración simple e composta), relacións sintácticas (coordinación, subordinación e interordinación) e funcións sintácticas, diferenciando entre categoría e función.
7. Identificación da modalidade oracional e creación de contextos de uso adecuados.
8. Clasificación dos predicados e creación de contextos de uso adecuados segundo as diversas situacións comunicativas.
9. Identificación dos procesos de formación de palabras. Análise en constituintes.
10. Recoñecemento das relacións de significado que poden manter entre si os elementos

léxicos.

11. Coñecemento das principais características dos periodos e movementos literarios dende o século XVIII ata a actualidade, así como dos escritores e obras máis significativos de cada un deles.
12. Análise de textos representativos de cada período estético: recoñecemento e explicación de rasgos temáticos e formais.
13. Comprensión das obras de lectura establecidas como obrigatorias e análise das mesmas, segundo os modelos proporcionados polo profesor
14. Realización das actividades e exercicios propostos.

3.4.6 PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Metodoloxía

1. **Como norma xeral seguiranse os principios recollidos nos puntos 1.5 e 1.6 desta Programación didáctica.**
2. Procurarase implicar a participación dos alumnos no proceso de ensino-aprendizaxe mediante unha metodoloxía activa. A metodoloxía didáctica será variada e partirá tanto de explicacións do profesor (empregando sempre textos lingüísticos ou literarios para exemplificar os conceptos presentados), como, noutros casos, dos propios textos para que os alumnos, a partir de preguntas formuladas polo profesor a modo de guía, detecten por si mesmos os principais trazos dos elementos considerados (sexan unidades/textos lingüísticos ou textos literarios) e configuren inductivamente os conceptos relevantes, relacionándoos sempre cos seus coñecementos previos.
3. Fomentarase a realización de exercicios de análise e creación lingüística, así como a lectura, análise e comentario de textos literarios que terán un especial protagonismo como medio para conseguir a adquisición ou a consolidación das diversas competencias.
4. A realización de exercicios de análise e creación lingüística, así como as lecturas, análises e comentarios de textos literarios terán un especial protagonismo como medio para conseguir a adquisición ou a consolidación dos contidos conceptuais e procedimentais relevantes.

Fíxanse seis libros de lectura obrigatoria e nove optativos coa pretensión de achegar ao alumnado ao mundo da Literatura Española a través de textos clave do noso panorama

literario. Ditas lecturas son as seguintes:

1ª AVALIACIÓN

OBRIGATORIAS:

1. Bécquer, G. A., *Legendas y rimas*, Vicens-Vives, Aula de literatura.
2. Pérez Galdós, B., *Marianela*, Vicens-Vives, Aula de literatura.

OPTATIVAS:

- Leroux, G., *El fantasma de la ópera*, Anaya.
- Poe, E. A., *El escarabajo de oro*, *Los crímenes de la calle Morgue*, Vicens-Vives, Aula de literatura.
- Stevenson, R., *El extraño caso del doctor Jekyll y Mr. Hyde*, Bambú, Letras mayúsculas.

2ª AVALIACIÓN

OBRIGATORIAS:

1. Sénder, R. J., *Réquiem por un campesino español*.
2. Esquivel, Laura, *Como agua para chocolate*, Debolsillo.

OPTATIVAS:

- Marías, Fernando, *Cielo abajo*, Anaya.
- Ramón M^a Del Valle- Inclán, *Sonata de primavera y estío*, Espasa Calpe, colección Austral.
- -----, *Sonata de otoño e invierno*, Espasa Calpe, colección Austral.
- Unamuno, *Niebla*, Alianza editorial.

3ª AVALIACIÓN

OBRIGATORIAS:

1. Fernán Gómez, F., *Las bicicletas son para el verano*, Vicens-Vives.
2. Sampedro, J. L., *La sonrisa etrusca*.

OPTATIVAS:

- Marsé, Juan, *Noticias felices en aviones de papel*, Lumen.
- Cansino, Eliacer, *Una habitación en Babel*, Anaya.

5. Simultaneárase a contextualización-explicación do profesor co papel activo do alumnado, procurando reducir a intervención do primeiro ó papel de guía e coordinador ou estruturador do curso.

6. Procurarase transferir ó alumnado, a partir dunha secuenciación temporal determinada de antemán e de de guías de análise e comentario, ben a nivel individual ou mediante grupos, o traballo de presentación, contextualización e explicación de etapas, autores, movementos e obras.
7. O profesor tentará dinamizar e reconducir os aspectos que non se adaptan ó desenvolvemento previamente deseñado.
8. As clases enfocaranse de xeito eminentemente práctico (análises comparativas, temáticas, evolutivas; exposicións, realizacións de comentario e resolución de diversas mecánicas).
9. Aproveitaranse as posibilidades da aula de informática, a biblioteca do centro e o equipamento tecnolóxico de aula que permite o acceso directo a Internet, como fonte de recursos.
10. Promoverase o hábito lector e o gusto polo mesmo, para o que se vén desenvolvendo unha actividade poética, *Venres de versos*, na que se tenta implicar ó alumnado na declamación, e disfrute da poesía de última xeración.

Instrumentos de Avaliación:

- **VID. Principios xerais de aplicación recollidos no Punto 1.6 da presente Programación.**
 1. Realízase unha proba inicial de preavaliación sobre contidos mínimos como punto de partida para obter un perfil sexa do grupo como de cada alumno en particular.
 2. Analízanse todas as probas realizadas para individualizar os aspectos da materia que presentaron maior dificultade ao alumnado para elaborar actividades de reforzo sobre os mesmos coa fin de recuperalos en probas sucesivas.
 3. Califícanse todas as probas con 10 puntos especificando a puntuación de cada apartado segundo o establecido no punto 1.6 da presente Programación.
 4. A nota final obtense valorando as cualificacións das tres avaliacións así como a evolución do alumno ao longo do curso e a súa progresión positiva ou non.
 5. O alumnado que non supere a asignatura en xuño terá unha convocatoria extraordinaria en setembro. Esta consistirá nunha proba única escrita, elaborada polo Departamento para cada nivel. Inclúe cuestións teóricas e prácticas sobre os contidos recollidos na presente programación para cada nivel, e cuestións sobre os libros de lectura obrigatoria. Superarase a asignatura se a cualificación obtida é igual ou superior a 5.

6. O 50% da puntuación en ditas probas extraordinarias (xuño e setembro) corresponderá ós contidos mínimos do curso, recollidos neste documento.

Materiais

1. **VID. Punto 1.5.2 da presente Programación.** A maiores, o profesor que se encarga da docencia neste nivel emprega, como recurso propio, o seguinte:

Blog de Aula Chorimaoualecrin.blogspot.com (para desenvolvemento dos currículos e a formación integral do alumno como cidadán crítico -atención á actualidade informativa nos diversos eidos do coñecemento, do pensamento e da cultura-). Soporte con enlaces ilustrativos de carácter intertextual multimedia: música, cine, literatura e outras artes.

3.5 LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 1º BAC



3.5.1. CONTIDOS

BLOQUES 1 E 2: A COMUNICACIÓN ORAL E ESCRITA

- A comunicación oral e escrita, espontánea e planificada.
- Tipos de textos e as súas propiedades.
- O texto narrativo.
- O texto descritivo.
- O diálogo.
- A exposición.

- A argumentación e a instrución.
- Textos informativos, de opinión e publicidade

BLOQUE 3: COÑECEMENTO DA LINGUA

- Semántica: denotación e connotación, campo semántico, cambios semánticos.
- A palabra: estrutura e procesos de formación
- A oración simple. Funcións sintácticas. Clasificación do predicado. Modalidade.
- O léxico e o dicionario.
- As clases de palabras: trazos semánticos, sintácticos e morfolóxicos
- As variedades lingüísticas: diatópicas, diastráticas e diafásicas.
- A realidade lingüística de España.

BLOQUE 4: EDUCACIÓN LITERARIA

- Características da lingua literaria. Os xéneros literarios.
- Idade Media. Marco histórico e cultural. Lírica tradicional e lírica culta. Estudo de Jorge Manrique e Coplas a la muerte de su padre. A épica medieval: Estudo e lectura do *Cantar de Mío Cid*. Mester de Clerecía: Estudo do *Libro de Buen Amor*. Análise de *La Celestina*.
- Séculos XVI e XVII. Renacemento e Barroco. Marco histórico e cultural. Poesía amorosa e relixiosa. A novela picaresca: *Lazarillo de Tormes*. Miguel de Cervantes e *El Quijote*. Lírica e teatro do século XVII: características, temas, autores e obras. Lectura e estudo de *El Buscón*.
- S. XVIII: Ilustración e Neoclasicismo. Marco histórico e cultural. Características, autores e obras. O teatro neoclásico. Estudo de *El sí de las niñas*.
- S. XIX: Romanticismo, Realismo e Naturalismo. Marco histórico e cultural. Características, autores e obras. Lectura e estudo de *Los Pazos de Ulloa*.

3.5.2. TEMPORALIZACIÓN

1ª AVALIACIÓN: Realizarase unha proba obxectiva a última semana de outubro e outra a segunda semana de decembro.

LITERATURA MEDIEVAL: SÉCULO X-XV

- Morfoloxía.
- Linguaxe como sistema de comunicación.
- Lingua española e variedades internas.
- Semántica.

2ª AVALIACIÓN: Realizarase unha proba obxectiva a última semana de xaneiro e outra a segunda semana de marzo.

- LITERATURA RENACEMENTO E BARROCO: SÉCULOS XVI-XVII
- Tipoloxía textual.
- Mecánicas de comprensión expresión: tema, resumo, esquema e comentario formal.
- Coherencia e cohesión: tipos e mecanismos.
- A oración simple. Clasificación do predicado e modalidade oracional.

3ª AVALIACIÓN: Realizarase unha proba obxectiva a segunda semana de maio e outra a segunda semana de xuño.

- LITERATURA : NEOCLASICISMO (S. XVIII), ROMANTICISMO, REALISMO E NATURALISMO (SÉCULO XIX).
- Morfoloxía.
- Semántica

EXAME FINAL DE RECUPERACIÓN : luns 17 de xuño ou data sinalada por dirección.

3.5.3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

1. Explicar e identificar os principais elementos, características e funcións dos procesos comunicativos en xeral e das linguas naturais en particular.
2. Comprender textos orais e escritos, sobre todo os pertencentes aos ámbitos académico e dos medios de comunicación, seleccionando as súas ideas principais e secundarias e identificando neles as propiedades e procedementos de adecuación, coherencia e

cohesión.

3. Crear textos orais e escritos de tipos variados con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
4. Clasificar, caracterizar e sintetizar textos segundo a canle, a modalidade do discurso (descritivos, narrativos, argumentativos...), o ámbito de uso (dos medios de comunicación, académicos, profesionais...) e o rexistro, identificando os seus trazos máis destacados.
5. Realizar exposicións orais sobre un tema especializado, con rigor e claridade, seguindo un guión previo e empregando tanto os medios tradicionais como as novas tecnoloxías para a localización, a selección a elaboración e a presentación da información.
6. Realizar traballos escritos de investigación sobre temas do currículo ou da actualidade social, científica ou cultural, con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical e obtendo a información utilizand as tecnoloxías da información.
7. Recoñecer e identificar os trazos característicos das categorías gramaticais e explicar os seus usos e valores nos textos.
8. Coñecer a situación lingüística de España e a súa orixe histórica.
9. Recoñecer os usos sociais e funcionais da lingua.
10. Recoñecer as unidades e funcións sintácticas que compoñen unha oración simple.
11. Clasificar o predicado segundo a súa composición.
12. Recoñecer a modalidade oracional e empregala con adecuación no discurso.
13. Explicar os principais elementos caracterizadores dos períodos, movementos e autores máis representativos da historia da literatura española desde as súas orixes ata o século XIX, e identificar estes trazos en textos ou fragmentos significativos.
14. Interpretar criticamente textos ou fragmentos representativos da etapa literaria estudada empregando os conceptos e a terminoloxía literaria apropiados.
15. Planificar e elaborar textos de intención literaria.
16. Realizar as lecturas obrigatorias e comentalas seguindo o modelo proporcionado.
17. Efectuar as diversas actividades e exercicios propostos.

18. Manter unha actitude apropiada na clase.

3.5.4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1. Amona unha actitude atenta, participativa e de interese na aula, participando na resolución das tarefas, expoñendo dúbidas e solicitando aclaracións.
2. Realiza as lecturas obrigatorias: reconece, analiza e explica de xeito preciso e correcto os trazos significativos inherentes ás mesmas e de relación co contexto.
3. Realiza exposicións orais e traballos escritos sobre temas especializados con organización, fluidez, corrección e entoación adecuadas á situación comunicativa.
4. escoita de xeito activo, toma notas, analiza os recursos verbais e non verbais empregados polo emisor e plantea preguntas aclaratorias.
5. Comprende e sintetiza por escrito textos orais e escritos de carácter expositivo.
6. Comenta e resume textos informativos de xeito preciso, reconecendo e explicando os trazos significativos dos mesmos.
7. Reconece e discrimina os diferentes niveis e rexistros da lingua e fai un uso adecuado deles na exposición do seu pensamento e opinión.
8. Coñece a situación lingüística de España e a súa orixe histórica e é quen de explicar sobre un mapa a evolución ata a situación actual.
9. Identifica, analiza e explica as diferentes unidades gramaticais dende un punto de vista morfolóxico, sintáctico e semántico.
10. Reconece as funcións sintácticas que compoñen unha oración simple.
11. Reconece as oracións activas, pasivas, impersonais e medias.
12. Clasifica o predicado segundo a súa composición.
13. Crea contextos de uso adecuados para diversas estruturas sintácticas.
14. Reconece a modalidade oracional e emprégaa con adecuación no discurso.
15. Reconece, clasifica, analiza de modo razoado e elabora escritos ou exposicións orais que respondan á diversa tipoloxía textual.

16. Articula creacións lingüísticas, orais e escritas, de acordo ás normas de coherencia e cohesión.
17. Respecta, valora e emprega de xeito correcto a ortografía e a prosodia.
18. Selecciona o léxico e as expresións adecuadas en contextos que esixen o uso formal da lingua evitando coloquialismos e imprecisións.
19. Identifica os diversos compoñentes do proceso comunicativo e pode explicalos a partir de situacións reais de intercambio.
20. Identifica con precisión a idea fundamental dun discurso, esquematiza as secundarias nunha orde de progresión lóxica, detecta o enfoque ou perspectiva empregada.
21. Le, analiza, compara e interpreta fragmentos e obras significativas dos periodos literarios estudados, identificando as características temáticas e formais de cada movemento e xénero.
22. Planifica a elaboración de traballos escritos sobre temas literarios do currículo argumentando con rigor o seu propio xuízo crítico.
23. Emprega de xeito adecuado os soportes informáticos e dixitais para traballos lingüísticos e literarios.
24. É quen de combinar diversas fontes de información e actúa de xeito crítico e selectivo coas fontes dixitais da web.

3.5.5. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A ASIGNATURA

1. Explicación e identificación dos principais elementos e funcións da comunicación.
2. Recoñecemento das ideas fundamentais e secundarias de textos orais e escritos e identificación dos procedementos que lles proporcionan adecuación, coherencia e cohesión.
3. Creación de textos orais e escritos de diferentes modalidades discursivas con adecuación (adaptación á situación), coherencia (unidade semántica), cohesión (relación entre as partes e progresión da información), corrección (respecto da ortografía e da norma gramatical) e boa presentación.

4. Clasificación e caracterización de textos segundo a canle, a modalidade discursiva (narrativos, argumentativos...), o ámbito de uso (académicos, dos medios de comunicación...) e o rexistro, identificando os seus trazos máis salientables.
5. Realización de exposicións monográficas co apoio de técnicas de traballo tradicionais e as novas tecnoloxías.
6. Identificación dos constituíntes internos da palabra e dos diferentes procedementos de formación das mesmas.
7. Identificación e caracterizacións semántica, morfolóxica e sintáctica dos distintos tipos e subtipos de palabras.
8. Recoñecemento, identificación, análise e emprego das diversas funcións sintácticas, da modalidade oracional requerida segundo o contexto e do tipo de predicado preciso.
9. Recoñecemento dos diversos tipos de relacións semánticas.
10. Coñecemento dos diversos tipos de variedades internas das linguas.
11. Comprensión da situación lingüística de España e a súa orixe.
12. Coñecemento dos principais períodos, movementos, xéneros, autores e obras da historia da literatura española desde as súas orixes ata o século XIX.
13. Identificación dos trazos máis representativos dos períodos, xéneros, movementos e autores estudados en textos ou fragmentos representativos.
14. Comentario de textos significativos empregando os conceptos e a terminoloxía literaria apropiada.
15. Realización das lecturas obrigatorias e análise das mesmas, segundo as pautas proporcionadas.
16. Realización das actividades e exercicios propostos.
17. Actitude apropiada na clase.

3.5.6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Como norma xeral seguiranse os principios recollidos nos puntos 1.5 e 1.6 desta Programación

Didáctica.

Seguirase unha metodoloxía activa que asegure a participación dos alumnos no proceso de ensino-aprendizaxe. A metodoloxía didáctica será variada e partirá tanto de explicacións do profesor (empregando sempre textos lingüísticos ou literarios para exemplificar os conceptos presentados), como, noutros casos, dos propios textos para que os alumnos, a partir de preguntas formuladas polo profesor a modo de guía, detecten por si mesmos os principais trazos dos elementos considerados (sexan unidades/textos lingüísticos ou textos literarios) e configuren inductivamente os conceptos relevantes, relacionándoos sempre cos seus coñecementos previos.

A realización de exercicios de análise e creación lingüística, así como as lecturas, análises e comentarios de textos literarios terán un especial protagonismo como medio para conseguir a adquisición ou a consolidación dos contidos conceptuais e procedimentais relevantes.

Fíxanse tres libros de lectura obrigatoria e 10 optativos coa pretensión de achegar ao alumnado ao mundo da Literatura Española a través de textos clave do noso panorama literario. Ditas lecturas son as seguintes:

OBRIGATORIAS:

1. Anónimo, Cantar de MioCid, Espasa S.L.U.,2010.
2. Quevedo, F., El Buscón, Castalia, 2017.
3. Pardo Bazán, E., Los pazos de Ulloa, Espasa Libros S.L.U, 2007.

VOLUNTARIAS:

1. Ruiz, J.,Arcipreste de Hita,Libro de Buen Amor
2. Don Juan Manuel, El conde Lucanor
3. Manrique, J., Coplas a la muerte de su padre
4. Rojas, F. La Celestina
5. Anónimo, El Lazarillo
6. Cervantes, M., Novelas Ejemplares (La ilustre fregona, Rinconete y Cortadillo, El licenciado Vidriera)
7. Molina, T., El burlador de Sevilla y convidado de piedra

8. Barca, C., La vida es sueño
9. Cadalso, J., Noches lúgubres
10. Böhl de Faber, C., Fernán Caballero, La Gaviota

Avaliación

VID. Punto 1.6 da presente Programación.

En cada avaliación haberá dúas probas obxectivas cun 50% de cuestións Lingüísticas e o restante 50% de preguntas sobre Literatura (incluídos libros de lectura obrigatoria). Nos exames valorarase tanto o contido como os aspectos formais de expresión, presentación, corrección gramatical e ortografía.

Calificaranse todas as probas con 10 puntos especificando a puntuación de cada apartado

A nota dos exames será a resultante de sumar a puntuación obtida nas dúas probas (sumando as notas da parte literaria por un lado e as da parte lingüística por outro) e facer a media aritmética de ambas

A nota final obterase valorando as cualificacións das tres avaliacións así como a evolución do alumno ao longo do curso e a súa progresión positiva ou non nos distintos exames.

O alumnado que non supere a asignatura en xuño terá unha convocatoria extraordinaria en setembro. Esta proba consistirá nunha proba escrita única elaborada polo Departamento para cada nivel. En dita proba haberá, ademais de preguntas sobre os contidos vistos ao longo do curso, algunha cuestión sobre os libros de lectura obrigatoria. Superarase a asignatura se a cualificación é dun 5 ou superior.

Materiais

VID. Punto 1.5.2. da presente Programación.

3.6 LITERATURA UNIVERSAL DE 1º BAC



- A lectura de textos procedentes da literatura universal intervén no proceso de maduración afectiva, intelectual e estética do alumnado, xa que o coñecemento desta parte fundamental do patrimonio cultural da humanidade, na que se levan depositado a imaxinación, os sentimentos e os pensamentos de distintas culturas ao longo da historia, conduce os/as estudantes a afondar na comprensión da propia identidade, tanto individual como colectiva, así como a valorar de xeito crítico a realidade do mundo contemporáneo. A lectura de fragmentos ou obras completas representativas do patrimonio literario universal permítelle ao alumnado coñecer outras realidades sociais e culturais, enriquecer a súa personalidade, ampliando a súa visión do mundo, e afianzar os seus hábitos de lectura, desenvolvendo o seu sentido estético.
- A aproximación á materia de Literatura Universal como coñecemento e aprendizaxe contribúe a desenvolver a competencia lingüística, as sociais e cívicas, e a de conciencia e expresión cultural dos alumnos e das alumnas adquiridas durante a ESO e na materia común de Lingua Castelá e Literatura. O desenvolvemento destes coñecementos literarios en bacharelato implica a descuberta da lectura como unha experiencia enriquecedora, que produce no/na estudante unha resposta afectiva e intelectual, fundada tanto na construción do sentido do texto como no recoñecemento das súas particularidades expresivas e discursivas.
- Os contidos organízanse en dous bloques. O primeiro bloque, "Procesos e estratexias", abrangue

contidos comúns, centrados no comentario de textos (obras completas ou fragmentos seleccionados), e concíbese como a construción compartida do sentido das obras e a explicación das súas convencións literarias. A lectura, a interpretación, a análise e a valoración dos textos literarios constitúe a actividade fundamental da materia. Este bloque inclúe, asemade, o estudo das relacións significativas entre as obras literarias e o resto das artes (obras musicais, cinematográficas, pictóricas, etc.). O segundo bloque, "Os grandes períodos e movementos da literatura universal", dedícase ao estudo cronolóxico das obras máis significativas de cada momento, a través dunha selección de obras e autores/as. Esta presentación cronolóxica pon de relevo a recorrencia de certos temas e motivos, así como a evolución das formas literarias ao longo da historia.

- En definitiva, esta materia facilita o desenvolvemento do individuo como lector competente, capaz de compara textos literarios de distintas épocas e autores, e capaz de descubrir neles recorrencias temáticas, así como semellanzas ou diverxencias expresivas. Deste xeito, o alumnado ha aprender a transferir os seus coñecementos, relacionando o contido e as formas de expresión dunha obra literaria co contexto histórico e cultural no que se inscribe, o que ha favorecer a aprendizaxe autónoma.

3.6.1 CONTIDOS

Bloque 1. Procesos e estratexias

- Lectura e comentario de fragmentos, antoloxías e obras completas significativas da literatura universal.
- Relacións entre obras literarias e o resto das artes
- Observación, recoñecemento e valoración da evolución de temas e formas creados pola literatura nas diversas formas artísticas da cultura universal. Selección e análise de exemplos representativos. Superación de estereotipos (de xénero, clase, crenzas, etc.).
- Observación, recoñecemento e valoración da evolución de temas e formas creados pola literatura nas diversas formas artísticas da cultura universal. Selección e análise de exemplos representativos.

Bloque 2. Os grandes períodos e movementos da literatura universal

- Da Antigüidade á Idade Media: As mitoloxías e a orixe da literatura.

- Renacemento e Clasicismo:
 - Os cambios do mundo e a nova visión do home durante o Renacemento.
 - A lírica do amor: o petrarquismo. Orixe: a poesía trovadoresca e o Dolce Stil Nuovo. A innovación do Cancioneiro de Petrarca. Lectura e comentario dunha antoloxía lírica e dalgún conto da época.
 - A narración en prosa: Boccaccio.
 - Teatro clásico europeo. O teatro isabelino en Inglaterra. Comenzo do mito de Fausto dentro da literatura. Lectura e comentario dunha obra de teatro clásico. Observación das relacións existentes entre as obras de teatro clásicas e as obras de diferentes xéneros musicais e cinematográficos que xurdiron a partir delas.

- O Século das Luces:
 - O desenvolvemento do espírito crítico: a Ilustración. A Enciclopedia. A prosa ilustrada.
 - A novela europea no século XVIII. Os herdeiros de Cervantes e da Picaresca española na literatura inglesa.
 - Lectura comentada dalguna novela europea da prosa ilustrada e dalgún fragmento de novela inglesa do século XVIII.

- O movemento romántico:
 - A revolución romántica: conciencia histórica e novo sentido da ciencia.
 - O Romanticismo e a súa conciencia de movemento literario. Precursores: Goethe.
 - A poesía romántica e a novela histórica.
 - Lectura e comentario dunha antoloxía de poetas románticos europeos e dalgún fragmento de novela histórica.

- Observación das relación existentes entre as obras literarias do Romanticismo e as obras de diferentes xéneros musicais (sinfonías, poemas sinfónicos, lieder, óperas), cinematográficos e teatrais que xurdiron a partir delas.
- A segunda metade do século XIX:
 - Da narrativa romántica ao Realismo en Europa. Literatura e sociedade. Evolución dos temas e as técnicas narrativas do Realismo. Principais novelistas europeos do século XIX. Lectura e comentario dunha antoloxía de fragmentos de novelas realistas.
 - O nacemento da gran literatura norteamericana (1830-1890). Da experiencia vital á literatura. O renacemento do conto. Lectura e comentario dalgúns contos da segunda metade do século XIX.
 - O arranque dila modernidade poética: de Baudelaire ao Simbolismo. Lectura dunha antoloxía de poesía simbolista.
 - A renovación do teatro europeo: un novo teatro e unhas novas formas de pensamento. Lectura e comentario dunha obra.
 - Observación das relación existentes entre as obras literarias deste período e as obras de diferentes xéneros musicais, cinematográficos e teatrais que xurdiron a partir delas
- Os novos enfoques da literatura no século XX e as transformacións dos xéneros literarios
 - A crise do pensamento decimonónico e a cultura de fin de século. A quebra da orde europea: a crise de 1914. As innovacións filosóficas, científicas e técnicas e a súa influencia na creación literaria.
 - A consolidación dunha nova forma de escribir na novela. Estudo das técnicas narrativas. Lectura dunha novela curta, dalgún relato e/ou dalgún conto representativo deste período.
 - As vangardas europeas. O Surrealismo. Lectura dunha antoloxía de poesía vangardista.
 - A culminación da gran literatura americana. A Xeración Perdida.
 - O teatro do absurdo e do compromiso. Lectura dalgunha obra representativa destas correntes dramáticas.
 - Observación das relación existentes entre as obras desta época e as obras de diferentes xéneros

musicais, cinematográficos e teatrais que xudiron a partir delas.

3.6.2 TEMPORALIZACIÓN

Adaptarase ás características específicas do grupo e da cotidianidade académica.

3.6.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

1. Ler, comprender, analizar e comentar obras breves, fragmentos ou obras completas significativas de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e os/as autores/as significativos/as.
2. Interpretar obras narrativas, líricas e dramáticas da literatura universal nomeadamente significativas, relacionando a súa forma e o seu contido coas ideas estética dominantes do momento en que se escribiron, e coas transformacións artísticas e históricas producidas no resto das artes.
3. Observar, recoñecer e valorar a evolución dalgúns temas e formas creados pola literatura e o seu valor permanente en diversas manifestacións artísticas da cultura universal.
4. Analizar e comparar textos da literatura universal e das literaturas galega e española da mesma época, pondo de manifesto as influencias, as coincidencias e as diferenzas entre eles.
5. Ler, comprender e analizar obras breves, fragmentos ou obras completas, significativas de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e autores/as significativos/as.
6. Realizar traballos críticos sobre a lectura dunha obra significativa dunha época, interpretándoa en relación co seu contexto histórico e literario, obtendo a información bibliográfica necesaria e efectuando unha valoración persoal.
7. Realizar exposicións orais ou escritas acerca dunha obra, un/unha autor/a ou unha época con axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación, expresando as propias opinións, seguindo un esquema preparado previamente, valorando

as obras literarias como punto de encontro de ideas e sentimentos colectivos e como instrumentos para acrecentar o caudal da propia experiencia.

3.6.4 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

1. Le fragmentos significativos ou textos completos de obras da literatura universal, identificando algúns elementos, mitos ou arquetipos creados pola literatura e que chegaron a converterse en puntos de referencia da cultura universal.
2. Interpreta obras ou fragmentos representativos de distintas épocas, situándoas no seu contexto histórico, social e cultural, identificando a presenza de determinados temas e motivos, e recoñecendo as características do xénero e do movemento en que se inscriben, así como os trazos máis salientables do estilo literario.
3. Interpreta determinadas obras narrativas, líricas e dramáticas da literatura universal nomeadamente significativas e relaciónaas coas ideas estéticas dominantes do momento en que se escribiron, analizando as vinculacións entre elas e comparando a súa forma de expresión.
4. Establece relación significativas entre a literatura e o resto das artes, interpretando de xeito crítico algunhas obras ou fragmentos significativos adaptados a outras manifestacións artísticas, analizando as relacións, as similitudes e as diferenzas entre diferentes linguaxes expresivas.
5. Comenta textos literarios de diferentes épocas e describe a evolución de determinados temas e formas creados pola literatura.
6. Recoñece o valor permanente destes temas e formas da literatura noutras manifestacións artísticas da cultura universal.
7. Compara textos literarios da literatura universal e textos das literaturas galega e española da mesma época, e recoñece as influencias mutuas e o mantemento de determinados temas e formas.
8. Le e analiza textos literarios universais de distintas épocas, interpretando o seu contido de acordo cos coñecementos adquiridos sobre temas e formas literarias, así como sobre períodos e autores/as significativos/as.

9. Realiza traballos críticos sobre unha obra lida na súa integridade, relacionándoa co seu contexto histórico, social e literario e, de ser o caso, co significado e a relevancia do/da autor/a na época ou na historia da literatura, e consultando fontes de información diversas.
10. Realiza presentación orais ou escritas planificadas integrando coñecementos literarios e de lectura, cunha correcta estruturación do contido, argumentación coherente e clara das propias opinións, consulta e cita de fontes, selección de información relevante e utilización do rexistro apropiado e da terminoloxía literaria necesaria.
11. Explica oralmente ou por escrito os cambios significativos na concepción da literatura e dos xéneros literarios, en relación co conxunto de circunstancias históricas, sociais e culturais, e establecendo relacións entre a literatura e o resto das artes.
12. Valora oralmente ou por escrito unha obra literaria, recoñecendo a lectura como una fonte de enriquecemento da propia personalidade e como un medio para profundar na comprensión do mundo interior e da sociedade.

3.6.5 MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA

- -Lectura das obras programadas e superación de probas referentes a elas.
- - Corrección na expresión oral e escrita
- - Comprensión do sentido central dun texto
- - Coñecemento do vocabulario dos textos traballados en clase.
- - Dedución correcta do significado do vocabulario doutras lecturas de autores do programa.
- - Dominio e aplicación da teoría literaria (métrica, recursos, xéneros e subgéneros literarios) durante todo o curso.
- - Aplicación das características dun período artístico a unha obra ou fragmento
- - Relación entre os usos sociais dos diferentes períodos históricos e os textos.

3.6.6 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

- METODOLOXÍA

Espertar a curiosidade do alumno polas manifestacións literarias actuais e pasadas preséntase como un empeño fundamental e de conseguir, en primeiro lugar, que os estudantes comprendan e aprendan a amar os textos literarios, mediante unha aprendizaxe significativa, motivadora en si mesma pois resulta obrigado establecer pontes entre as experiencias e os novos coñecementos. Aparte do seu pertinencia didáctica, esa estratexia contribúe a salvar e eliminar distancias entre os alumnos e o fenómeno literario.

Non é aconsellable afrontar o ensino da literatura cun sesgo excesivamente historicista: tal formulación topa coas dificultades que os alumnos teñen para aprehender na súa complexidade os fenómenos históricos, sociolóxicos e estéticos afastados do seu mundo e afasta a produción literaria ou tende a presentala como un mero testemuño cultural.

Como é natural, todo o dito non significa que deba prescindirse da dimensión diacrónica do estudo da literatura; trátase de adoptar unha perspectiva metodolóxica equilibrada, non lastrada por imposicións academicistas nin por inercias profesionais. Un curso como este debe aproximar aos alumnos á historia literaria, polos en contacto coa riqueza artística acumulada, pero non pode pretender que penetren nela cunha intensidade que o tempo dispoñible e as posibilidades intelectuais dos suxeitos desaconsellan. Se os estudos de bacharelato han de atopar a súa verdadeira identidade, é difícil que o fagan converténdose en mero reflexo dos universitarios. A materia ten por obxecto o estudo do texto literario considerado como unha manifestación artística. Para poder comprendelo, será necesario o coñecemento de principios estéticos e circunstancias socio-históricas; pero a razón de tal coñecemento é a comprensión das manifestacións literarias concretas. En consecuencia, a historia da literatura non ten finalidade en si mesma: é un instrumento máis ao servizo dos obxectivos xerais da materia. O estudo da literatura atopa o seu mellor sentido no contacto permanente cos textos, tanto fragmentarios como completos. É moi importante seleccionar coidadosamente aqueles que mellor permitan o desenvolvemento de obxectivos e contidos. Tal selección haberá de ter en conta a temporalización e será lóxico que estea presidida pola calidade e non pola cantidade. Nembargantes, é desexable que a lectura de textos completos (poemarios, obras dramáticas e narrativas) sexa o máis abundante posíbel.

A análise ou comentario de textos é unha actividade tan imprescindible como fecunda, que non debe converterse nunha práctica mecánica, suxeita a fórmulas preestablecidas, senón nunha

actividade aberta, apta para que o estudante dea conta da súa lectura persoal do texto coa debida coherencia. A aprendizaxe dunha terminoloxía científica básica é necesario, pero convén fuxir de nomenclaturas retóricas aparatosas.

Se temos en conta que os alumnos, tras superar a Secundaria Obrigatoria, posúen un certo hábito de lectura, este parece o momento indicado para afianzalo e para que tomen conciencia de que ler é unha actividade pracenteira capaz de proporcionar, ademais, novos coñecementos e experiencias.

O aproveitamento didáctico desta actividade resulta máis eficaz canto máis variado sexa. A experiencia mostra que o alumno obrigado a realizar informes sistemáticos sobre os libros acaba por identificar a lectura cunha "tarefa de clase" cuxo sentido termina na mesma escola. Conseguir algo máis, na liña do exposto anteriormente, depende de que os mozos descubran o carácter lúdico e o interese formativo xeneral do contacto coa literatura. Por iso a conveniencia de diversificar as estratexias de aproveitamento dunha lectura, que non ten por que orientarse sempre á análise técnica e formalizado do libro. Coloquios, debates, prácticas creativas ao redor de determinados aspectos da obra (xuízo dun personaxe, reinterpretación dun fragmento, deseño da escenografía dun drama...), manipulacións do texto, etc., poden citarse como exemplos dunha ampla gama de posibilidades.

O ensino da literatura debe mostrar tamén as conexións desta materia con outras artes e outras ciencias humanas, moi en particular coa arte, o cine e a música.

É unha boa razón para seleccionar cun criterio amplo os materiais e recursos didácticos: aínda que os textos serán os de uso máis frecuente, a aprendizaxe dos contidos da materia supón tamén a utilización de diapositivas, vídeos, periódicos, etc. Son igualmente de utilidade as saídas de clase para, por exemplo, recoller información, visitar museos ou asistir a representacións teatrais. Deste xeito porase de manifesto tanto a conexión da literatura coa realidade circundante como a interdependencia das iniciativas e saberes artísticos da humanidade.

Ao planear as actividades dos alumnos, débese adoptar un criterio xeneroso e aberto. O deseño de tarefas individuais e en grupo, se é equilibrado, propiciará unha maior eficacia educativa. O mesmo cabe dicir en canto á proposta de métodos de traballo: todos poden ser adecuados nun momento preciso pero, seguramente, ningún deles ten validez xeral. En ocasións convirá traballar por dedución, outras veces por indución, outras por descubrimento...

Excepto no caso das actividades a longo prazo, as lecturas de obras completa, a maior parte das actividades con textos de cada tema realizaranse no aula, incluída a súa lectura, debido a que se dispón de catro sesións semanais de clase.

En aras dunha aprendizaxe activa e participativa, na que o alumno senta protagonista do seu proceso de formación, propónse a elaboración dunha antoloxía persoal e/ou do grupo, con presentacións, comentarios, textos, material gráfico, enlaces e outros elementos, que recolla fragmentos representativos da literatura de todos os tempos. Non teñen por que ser os textos máis recorridos, senón os que máis impresionaron aos alumnos polo seu contido, beleza, orixinalidade ou influencia. Esta obra colectiva podería editarse electrónicamente ou en papel. Os materiais iranse acumulando, segundo vaian aparecendo, en cartafóis almacenados nunha memoria portátil que custodiará o profesor e iranse elaborando progresivamente

Na Aula Virtual do IES Auga da Laxe serán penduradas as indicacións pertinentes sobre a asignatura, probas e modelos de examen, materiais diversos e tamén as propias achegas do alumnado de Literatura Universal, ademáis dos propios blogs persoais destes.

- OBRAS DE LECTURA

Fíxanse as seguintes lecturas obrigatorias coa pretensión de achegar ao alumnado ao mundo da Literatura Universal a través de textos clave do noso panorama literario. Ditas lecturas son as seguintes:

1ª avaliación	<p><i>Afrodita</i>, Louys, Pierre, Ed. Editec@Red S L</p> <p><i>Lisístrata</i>, Aristófanes, Ed. Tilde</p> <p><i>La canción de la cabra</i>, Yerby, Frank, Aristófanes, Ed. Planeta</p>
2ª avaliación	<p><i>-El Cantar de los Nibelungos</i>, Anónimo, Ed. Cátedra</p> <p>-Obras de William Shakespeare: Editorial Cátedra, Alianza o similar.</p> <p><i>El Rey Lear</i></p> <p><i>Mucho ruido y pocas nueces</i></p> <p><i>Coriolanus</i></p> <p><i>El sueño de una noche de verano</i></p> <p><i>Tito Andrónico</i></p> <p><i>El mercader de Venecia</i></p> <p><i>Trabajos de amor perdidos</i></p> <p><i>Macbeth</i></p> <p><i>Romeo y Julieta</i></p> <p><i>Julio César</i></p> <p><i>Otelo, el moro de Venecia</i></p> <p><i>La tempestad</i></p> <p><i>Ricardo III</i></p>

	<p><i>Noche de Reyes</i> <i>Enrique V</i> <i>La fierecilla domada</i> <i>Las alegres comadres de Windsor</i></p> <p>-Obras de Molière: Editorial Càtedra, Alianza o similar.</p> <p>-<i>El enfermo imaginario</i> -<i>El avaro</i> <i>.Don Juan</i> -<i>Tartufo</i></p> <p>-<i>El Paraíso perdido</i>, Milton, John, Ed. Edimat</p>
--	---

As lecturas do terceiro trimestre estableceranse en función da evolución do grupo.

- ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Si quedase algunha avaliación sen superar, ao final do curso (xuño) realizaranse exames de recuperación. De non ser quen de aprobar esta/s proba/s, o/a alumno/a deberá presentarse ao exame extraordinario de setembro.

De non superar a proba de setembro, o departamento establecerá probas (xaneiro e maio) para superar a materia.

- PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

-Terase en conta a asistencia diaria a clase, así como a realización dos diferentes traballos propostos polo profesor (comentarios de texto, traballos monográficos, etc.)

- Realizarase un exame ao final de cada trimestre sobre toda a materia impartida ao longo do mesmo.

- PROCEDIMENTOS DE CALIFICACIÓN

A asistencia a clase, o traballo diario e as probas de avaliación continua (orais e escritas, individuais e colectivas) computarán un 60% na nota de cada avaliación e da nota final.

/Atención: Por faltas de ortografía nun exame poderase descontar a puntuación indicada no punto 1.6.3 do presente documento.

O alumno/a deberá coidar tamén a presentación./

3.7 LINGUA CASTELÁ E LITERATURA DE 2º BAC



3.7.1 CONTIDOS

A VARIEDADE DOS DISCURSOS

1. O texto como unidade comunicativa. Sistematización e análise das propiedades textuais: coherencia, xerarquía de ideas, ordenación, adecuación (repaso e ampliación do visto en cursos anteriores).
2. Textos expositivos e textos argumentativos. (Repaso e ampliación do estudado en cursos anteriores).
3. Textos escritos específicos. Textos científicos e técnicos. Textos humanísticos. Textos literarios.
4. Os medios de comunicación social. A prensa. Os xéneros informativos e os xéneros de opinión.

COÑECEMENTO DA LINGUA

1. A palabra. Estrutura da palabra. Procedementos de formación de palabras: derivación, composición, parasíntese, etc. (Repaso e ampliación do estudado en cursos anteriores).

2. Léxico do castelán. Voces patrimoniais, cultismos, semicultismos, préstamos. Os cambios semánticos.
3. Significado: denotación e connotación. Relacións léxico-semánticas das palabras: polisemia, sinonimia, antonimia, hiperonimia, campo semántico, etc.
4. Texto. Rasgos de cohesión: anáfora, catáfora, marcadores textuais, etc. (Repaso e ampliación do estudado en cursos anteriores).
5. Conceptos básicos en sintaxe: categorías ou unidades, relacións, funcións. As unidades da gramática e as unidades do discurso. A frase. A oración simple. A oración composta.
6. Principios básicos de corrección lingüística. (Repaso do estudado en cursos anteriores).
7. O español. Variedades xeográficas. A norma estándar. A situación do español no mundo.
8. Rasgos característicos do español de América.

LITERATURA

1. Literatura finisecular. O Modernismo. Características xerais a través da figura de Rubén Darío. Os movementos literarios de vangarda.
2. A xeración do 98: Baroja, Unamuno e Azorín.
3. As traxectorias poéticas de Antonio Machado e Juan Ramón Jiménez.
4. Grupo poético do 27: Salinas, Lorca, Alberti e Cernuda. Lectura e posterior estudo de *Romancero Gitano* de García Lorca.
5. Teatro español anterior á guerra civil: Benavente, Lorca e Valle-Inclán.
6. A poesía española nas tres décadas posteriores á guerra civil: Hernández, Blas de Otero e Gil de Biedma.
7. A novela española nas tres décadas posteriores á guerra civil: Cela, Delibes e Martín Santos. Lectura e posterior estudo de *La verdad sobre el caso Savolta*, de Eduardo Mendoza.
8. A figura de Buero Vallejo no teatro español posterior á Guerra Civil. A renovación do teatro no chamado Teatro Independente (por exemplo, ElsJoglars, La Fura, Els comediants...). Lectura e posterior estudo de *La Fundación* de Antonio Buero Vallejo.
9. A narrativa hispanoamericana da segunda metade do século XX. O boom da narrativa: Borges, Cortázar, García Márquez, Vargas Llosa. Lectura e posterior estudo de *Crónica de una muerte anunciada* de Gabriel García Márquez.

3.7.2 TEMPORALIZACIÓN

1ª AVALIACIÓN (33 sesións)

PARCIAL 1: exame martes 30 outubro (19 sesións)

- Narrativa Hispanoamericana: *Crónica de una muerte anunciada*. (6)
- Morfoloxía I: verbo irregular, perífrases, palabras de múltiple clasificación morfolóxica, impersonalidade. (3)
- Morfosintaxe da oración simple e composta (I): coordinación e interordinación. (6)
- A palabra: análise e clasificación según constituíntes internos. (3)

PARCIAL 2: exame venres 30 novembro (14 sesións)

- Morfosintaxe da oración composta (II): subordinación. (4)
- Literatura finisecular. Vanguardas. (3)
- Xeración do 98: novela e ensaio anterior á Guerra Civil. (3)
- Traxectorias poéticas de Machado e Juan Ramón Jiménez. (3)

2ª AVALIACIÓN (31 sesións)

LCL/LIT UNIVERSAL PENDENTE 1º BAC: martes, 15 XANEIRO (16-17.30H)

PARCIAL 1: exame martes 29 xaneiro (16 sesións)

- Grupo poético do 27: *Romancero Gitano*. (9)
- Texto como unidade comunicativa. Propiedades textuais. (2)
- Tipoloxía textual. Textos escritos específicos. (3)
- Morfoloxía II: valores desviados dos tempos verbais. (2)

PARCIAL 2: exame venres 1 marzo (15 sesións)

- Teatro español anterior á Guerra Civil: Benavente, Lorca e Valle-Inclán. (6)
- Teatro posterior á Guerra Civil: *La Fundación*. (6)
- Os medios de comunicación social. Xéneros e subxéneros informativos e de opinión. (3)

3ª AVALIACIÓN (24 sesións)

PARCIAL 1: exame martes 2 abril (12 sesións)

- Novela española posterior á Guerra Civil: *La verdad sobre el caso Savolta*. (6)
- Significado. Relacións semánticas. (3)
- Léxico do castelán. (3)

PARCIAL 2: exame venres 10 maio (12 sesións)

- Poesía española posterior á Guerra Civil (6)
- Variedades diatópicas, diastráticas e diafásicas do español. (3)
- Morfosintaxe: repaso. (3)

EXAME OFICIAL PENDENTES: FINAIS ABRIL/ COMEZO MAIO.

EXAME FINAL DE RECUPERACIÓN: 20 de maio ou data sinalada por dirección.

Notas:

1. Esta estimación aproximativa poderase modificar en función das necesidades que poidan xurdir ó longo do curso. Das alteracións darase fe nas actas de departamento correspondentes.
2. Os principios básicos de corrección lingüística, como elemento vehicular da expresión, trataranse ó longo de todo o curso.

3.7.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

- **Como norma xeral aplicaranse o recollido no punto 1.6 da presente programación.**
1. Sintetizar oralmente e por escrito textos de diferente tipo e de distinto nivel de formalización, sinalando as ideas principais e as secundarias e a intención comunicativa, recoñecendo posibles incoherencias e ambigüidades e aportando unha opinión persoal.
 2. Aplicar con precisión mecánicas de comprensión e expresión coma: tema, resumo e esquema.
 3. Recoñecer, interpretar e valorar textos escritos específicos (humanísticos, xornalísticos, científicos, literarios, etc.), analizando a súa construción interna e as relacións do autor co texto e coa obra.
 4. Coñecer os trazos significativos e empregar axeitadamente a lingua en contextos de uso académico e persoal de acordo ás variedades diastráticas e diafásicas da mesma.
 5. Comprender a orixe e desenvolvemento da lingua castelá, ao longo da historia e no momento actual, valorando as súas variedades.
 6. Distinguir as diferentes linguas constitucionais de España, coñecendo a súa orixe e evolución e valorando as situacións de bilingüismo.
 7. Coñecer e identificar as diferentes variedades do español (históricas, espaciais, sociais e de estilo) mediante a análise de textos, prestando especial atención ao español de Galicia e ao español de América.

8. Recoñecer as unidades léxicas que singularizan as diferentes manifestacións científicas (neoloxismos, préstamos, etc.).
9. Recoñecer as diferentes categorías gramaticais, as funcións sintácticas e as relacións entre oracións (cláusulas, etc.), as súas combinacións e correlación entre elas e os seus significados.
10. Empregar as mesmas con adecuación ó contexto de uso .
11. Recoñecer e analizar en constituintes internos as palabras do español. Clasificalas segundo esa estrutura.
12. Ser quen de aplicar os conceptos básicos de lexicoloxía e de semántica á interpretación, produción e análise dos textos.
13. Realizar as lecturas obrigatorias: recoñecer, analizar e explicar de xeito preciso e correcto os trazos temáticos e estéticos característicos para adscribir a un contexto histórico e artístico determinado, de xeito razonado.
14. Contextualizar fragmentos das lecturas obrigatorias no fío argumental, de xeito preciso e detallado.
15. Identificar o xénero ó que pertence un texto literario e recoñecer os seus elementos estruturais básicos e os recursos lingüísticos identificativos.
16. Analizar a evolución histórica das formas literarias dende fins do século XIX até a actualidade, atendendo ao marco histórico e cultural e á súa relación cos autores e obras máis destacadas.
17. Coñecer e valorar as obras a os autores máis representativos da literatura finisecular e do século XX. Coñecer as relacións entre a literatura española e as literaturas das diversas linguas constitucionais e coas grandes liñas da literatura universal.
18. Coñecer e aplicar técnicas de análise e comentario de textos, así como de elaboración de traballos académicos.
19. Empregar fontes de documentación diversas, filtrar adecuadamente a información no proceso de documentación e elaborar traballos persoais, creativos e fundamentados con rigor e espírito crítico empregando as TIC.
20. Respetar e valorar a adecuación da ortografía, da prosodia, da entonación e da presentación tanto de xeito oral coma escrito, atendendo á situación comunicativa.
21. Amosar actitude atenta e de interese na aula, participar na resolución de tarefas, expoñer dúbidas e solicitar aclaracións, de xeito respetuoso e ordenado.

22. Participar de maneira activa no desenvolvemento do proceso de aprendizaxe.

3.7.4 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE (EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E OBXECTIVOS DO CURSO)

- O primeiro dígito desta numeración corresponde ó estándar e o segundo ós criterios de avaliación referidos no punto anterior -3.7.3- Para a identificación de obxectivos, véxase punto 1.2 da presente Programación: enumeración de obxectivos para LCL en BAC, páxinas 8-9.

1.1/2 Identifica con precisión a idea fundamental dun discurso, esquematiza as secundarias en orde progresiva lóxica e detecta o enfoque ou perspectiva empregada. **(Obxectivo b,d,e,h)**

2.1 Elabora discursos orais e escritos progresivos, coherentes e adecuados para a expresión do pensamento crítico responsable e solidario co individuo e co entorno histórico. **(Obxectivo b,c,e)**

3.3 Recoñece, clasifica e analiza de modo razoado os trazos significativos das diferentes tipoloxías textuais e de textos escritos específicos. **(Obxectivo b,e,h,i)**

4.4 Recoñece, analiza e clasifica os diversos niveis e rexistros da lingua e fai un uso adecuado deles na exposición do seu pensamento e opinión. **(Obxectivo b,e,g,h,i)**

5.5/6/7 Coñece e explica a variedade lingüística de España, a súa orixe histórica e as variantes do español no mundo, recoñecendo os trazos significativos do español de América, español de Galicia e andaluz. **(Obxectivo b,d,e,g,h,i)**

6.8 Recoñece e analiza con precisión os componentes do léxico español (neoloxismos, préstamos, palabras hispanizadas...) **(Obxectivo d,e,h,i)**

7.9 Identifica, analiza e explica as diferentes unidades gramaticais da lingua dende un punto de vista morfolóxico, sintáctico e semántico. **(Obxectivo d,e,h,i)**

8.10 Emprégaas axeitadamente na construción do discurso oral e escrito. **(Obxectivo d,e)**

9.9 Recoñece as diversas unidades, funcións e relacións sintácticas tanto en estruturas independentes como en textos ou no discurso. **(Obxectivo d,h,i)**

10.10 Crea contextos de uso adecuados para unidades, funcións e relacións sintácticas en relación coa situación comunicativa. **(Obxectivo h,i)**

11.11 Recoñece a estrutura interna das palabras, analiza os seus componentes de xeito completo (clasificación dos morfemas, significado, recurrencias, alolexos e alomorfos) e clasifícaa, de xeito razoado. **(Obxectivo d,h,i)**

12.12 Recoñece, analiza e emprega axeitadamente os conceptos semánticos fundamentais (sinónimos, antónimos e tipos, homonimia, polisemia, significación, denotación, connotación, etc.) **(Obxectivo b,c,d,e)**

13.13 Realiza as lecturas obrigatorias: recoñece, analiza e explica de xeito preciso e correcto os trazos temáticos, formais e estéticos característicos e relaciónao co contexto histórico e artístico. **(Obxectivo a,b,c,d,g,h,i,j,k)**

14.14 Contextualiza fragmentos das lecturas obrigatorias e voluntarias no fío argumental, de xeito preciso e detallado, de xeito que reflicte unha lectura comprensiva e atenta. **(Obxectivo d,h,i,j,k)**

15.15/16 Comenta textos literarios, dende principios do século XX ata a actualidade, de xeito preciso, recoñecendo e explicando os trazos significativos dos mesmos. **(Obxectivo a,b,d,e,g,h,i,k)**

16.17 Recoñece e comenta os trazos significativos que permitan identificar as formas ou estéticas literarias dende fins do século XIX até a actualidade, atendendo ao marco histórico e cultural e á súa relación cos autores e obras máis destacadas. **(Obxectivo b,g,i,k)**

17.18 Desenvolve de xeito teórico a produción literaria dun autor, dunha estética ou etapa, as obras máis relevantes das mesmas e os seus eixos temáticos e formais. Relaciona a produción literaria española co contexto literario universal, establecendo referentes. **(Obxectivo b,d,e,g,h,i,k)**

18.19 Presenta traballos académicos (análises e comentarios de texto, traballos de investigación, presentacións, etc) elaboradas segundo técnicas de análise e documentación rigorosas e científicas. **(Obxectivo h,i,j,k)**

19.20 Filtra adecuadamente a información no proceso de documentación e elabora traballos persoais, creativos e fundamentados con rigor e espírito crítico. **(Obxectivo e,f)**

20.21 Emprega, coa adecuación requirida a este nivel académico, a ortografía, a prosodia, a entonación e a presentación, tanto de xeito oral coma escrito, atendendo á situación comunicativa. **(Obxectivo d,e)**

21.21/22 Amona actitude atenta e de interese na aula, participando na resolución de tarefas, expoñendo dúbidas e solicitando aclaracións, de xeito respetuoso e ordenado. **(Obxectivo a,b,d,j)**

3.7.5 MÍNIMOS ESIXIBLES PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA

1. Aplicación das mecánicas correspondentes para a correcta definición de palabras.
2. Análise de textos onde se poida observar o uso de variedades dialectais do español, das variedades do nivel culto e do nivel vulgar ou dos rexistros formal e coloquial.
3. Tipoloxía textual: argumentativa, expositiva, narrativa e descritiva. Análise e recoñecemento de características, clasificación e aplicación para a produción de textos, tanto orais como escritos.
4. Os medios de comunicación e a súa incidencia na sociedade contemporánea. O discurso xornalístico: información e opinión. A linguaxe da publicidade.
5. Análise e comparación de seccións diversas en xornais, revistas, telexornais, etc. que permitan distinguir a información da opinión.
6. Análise de textos publicitarios pertencentes a distintos medios para detectar o uso

persuasivo da lingua, o uso literario, etc.

7. Texto como unidade de sentido: adecuación, coherencia e mecanismos de cohesión.
8. Categorias, funcións e relacións sintácticas. Recoñecemento e identificación.
9. A frase. Definición, tipos. Funcións secundarias.
10. A Oración. Definición, tipos. Funcións primarias.
11. A organización do léxico: familias léxicas, relacións semánticas (hiperonimia, sinonimia, antonimia, polisemia, tabú e eufemismo) e campos semánticos.
12. Análise de textos desde o punto de vista léxico-semántico e morfosintáctico.
13. Análise dos procedementos que indican a adecuación ao contexto e á intención comunicativa, así como aqueles que establecen a coherencia e marcan a cohesión dun texto. Uso adecuado dos mesmos para a produción de textos.
14. Produción de textos-comentario sobre un tema de actualidade onde se aprecie a formulación de xuízos propios e razoados.
15. Partindo de textos diversos, aplicar as técnicas aprendidas para a elaboración de temas, resumos e esquemas.
16. Realización de comentarios literarios que dean conta dos trazos formais, temáticos e estéticos dun fragmento ou obra dos períodos estudados, tanto das obras de lectura obrigatorias coma de textos significativos e relevantes.
17. Estudo da literatura finisecular e literatura do século XX.
18. Comentario e análise dos libros de lectura obrigatoria.

3.7.6 PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Metodoloxía

- **Aplicaranse os principios recollidos no punto 1.5 desta Programación didáctica.**
- 1. Neste nivel empregarase unha metodoloxía activa que procurará implicar a participación dos alumnos no proceso de ensino-aprendizaxe. A metodoloxía didáctica será variada e partirá tanto de explicacións do profesor (empregando sempre textos lingüísticos ou literarios para exemplificar os conceptos presentados), como, noutros casos, dos propios textos para que os alumnos, a partir de preguntas formuladas polo profesor a modo de guía, detecten por si mesmos os principais trazos dos elementos considerados (sexan unidades/textos lingüísticos ou textos literarios) e configuren inductivamente os conceptos relevantes, relacionándoos sempre cos seus coñecementos previos.
- 2. Fomentarse a realización de exercicios de análise e creación lingüística, así como a lectura, análise e comentario de textos literarios, que terán un especial protagonismo como medio para conseguir a adquisición ou a consolidación das diversas competencias.

Fíxanse catro libros de lectura obrigatoria determinados pola CIUG e unha listaxe de lecturas optativas coa pretensión de achegar ao alumnado ao mundo da Literatura Española actual a través de textos clave e de calidade da nosa actualidade literaria e dalgún clásico irrenunciable na historia da Literatura do século XX español. Ditas lecturas son as seguintes:

OBRIGATORIAS

1. Buero Vallejo, A., *La fundación*, Espasa, Colección Austral, 2010.
2. García Lorca, F., *Romancero Gitano*, Espasa, Colección Austral, 2016.
3. García Márquez, G., *Crónica de una muerte anunciada*, DEBOLSILLO, 2016.
4. Mendoza, E., *La verdad sobre el caso Savolta*, Planeta, Seix Barral, 2017.

VOLUNTARIAS

- Baroja, Pío, *El árbol de la ciencia*.
- Bolaño, Roberto, *Llamadas telefónicas*.
- Carrasco, Jesús, *Intemperie*.
- Chirbes, R., *En la orilla*.
- Conejero, Alberto, *La piedra oscura*.
- Del Valle-Inclán, R. M^a, *Luces de bohemia*.

-----, *Sonata de primavera, Sonata de invierno.*

Delibes, Miguel, *Cinco horas con Mario.*

García Montero, Luis, *Un invierno propio.*

Iribarren, K., *Mientras me alejo; Pequeños incidentes.*

Laforet, Carmen, *Nada.*

Landero, Luis, *El balcón en invierno.*

Margarit, Joan, *Un asombroso invierno.*

Marías, Javier, *Los enamoramientos.*

Marsé, Juan, *Últimas tardes con Teresa.*

Millás, Juan José, *Que nadie duerma.*

Montero, Rosa, *Nosotras.*

Mora, Ángeles, *Ficciones para una autobiografía.*

Sanz, Marta, *Farándula.*

Sastre, Alfonso, *Escuadra hacia la muerte.*

3. Simultaneárase a contextualización-explicación do profesor co papel activo do alumnado, procurando reducir a intervención do primeiro ó papel de guía e coordinador ou estruturador do curso.
4. Procurárase transferir ó alumnado, a partir dunha secuenciación temporal determinada de antemán e de de guías de análise e comentario, ben a nivel individual ou mediante grupos, o traballo de presentación, contextualización e explicación de etapas, autores, movementos e obras.
5. O profesor tentará dinamizar e reconducir os aspectos que non se adaptan ó desenvolvemento previamente deseñado.
6. As clases enfocáranse de xeito eminentemente práctico (análises comparativas, temáticas, evolutivas; exposicións, realización de comentario e resolución de diversas mecánicas).
7. Aproveitaráanse as posibilidades da aula de informática, a biblioteca do centro e o equipamento tecnolóxico de aula que permite o acceso directo a Internet, como fonte de recursos.
8. Promoveráse o hábito lector e o gusto polo mesmo, finalidade para a que se vén desenvolvendo unha actividade poética, *Venres de versos*, na que se tenta implicar ó alumnado na declamación e disfrute da poesía contemporánea.

Instrumentos de Avaliación

- **VID. Punto 1.6 da presente Programación.**

A maiores, explíctanse mecanismos propios deste nivel:

1. Realización de esquemas, resumos e comentarios críticos de textos non literarios e literarios. Este tipo de mecánica é fundamental para avaliar a competencia lingüística dos alumnos e analizar a súa progresión positiva ou non. Realízase unha a comezo de curso, como avaliación inicial, que se empregará para determinar o deseño de actividades e recomendacións individuais, orientadas á superación de dificultades constatadas a través de dita proba (comprensión, expresión, ortografía, carencias conceptuais, dificultade de aplicación de mecánicas, etc.). Non se lle atribúe cualificación numérica: indicador do grao competencial do alumno.
2. A proba global, de final de curso, para os alumnos que non tiveran superado a materia mediante a avaliación trimestral, recollerá a estrutura da avaliación proposta pola CIUG para esta materia nas probas ABAU. Constará de tres partes:
 - Lingua e análise de textos
 - Historia da Literatura.
 - Análise das obras de lectura obrigatorias.

A puntuación asignada a cada mecánica respetará a do exame ABAU.

3. Convocatoria extraordinaria de setembro-xullo. Seguirá o modelo da proba extraordinaria de xuño, que vén de ser exposta.
4. Superarase a asignatura se a cualificación obtida é igual ou superior a 5.
5. O 50% da puntuación en ditas probas extraordinarias (xuño e setembro) corresponderá ós contidos mínimos do curso, recollidos neste documento.

Materiais

VID. Punto 1.5.2 da presente Programación.

A maiores, o profesor que se encarga da docencia neste nivel emprega, como recurso propio, o seguinte:

Blog de Aula Chorimaoualecrin.blogspot.com (para desenvolvemento do currículo e a formación integral do alumno como cidadán crítico -atención á actualidade informativa nos

diversos eidos do coñecemento, do pensamento e da cultura-). Soporte con enlaces ilustrativos de carácter intertextual multimedia: música, cine, literatura e outras artes.

4. FOMENTO DA LECTURA



A lectura é fonte de pracer, de descubrimento doutros contornos, idiomas e culturas, de fantasía e de saber.

No tramo da ESO todas as semanas hai un tempo para a lectura comentada de textos: literarios, non literarios, en prosa ou en verso.

Todos os alumnos da ESO do IES Auga da Laxe dispoñen dunha hora semanal ao longo do curso adicadas á lectura, que rotan de día e hora. Dende o Departamento de Español determinouse dinamizar esta hora lectora en función das características de cada grupo segundo o criterio do profesor de aula, de tal xeito que o alumnado poida adicar esa hora á lectura daqueles textos que desexe ou ben debe seguir o plan de traballo (comprensión lectora, xa sexa de base lingüística ou non lingüística: diagramas, fotografía, símbolos, imaxes, gráficos, etc.)

5. PROGRAMA PARA A RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES.



En cada caso, márcanse os contidos e os mínimos esixidos para aprobar a materia e a avaliación. Por norma xeral, cada profesor de nivel se responsabilizará de facer o seguimento do alumnado das súas aulas coa materia pendente de cursos anteriores. No caso de PMAR, será o profesor que imparta o ámbito lingüístico quen asuma esa responsabilidade. Tendo en conta que se trata dun profesor alleo ó departamento de LCL, dende este facilitaráselle toda a coordinación e información que precise e requira.

Cómpre indicar que a corrección das probas do alumnado de 2º BAC con materias pendentes será realizada por todos os membros do Departamento de Español, especialistas na materia. A cualificación debe ser o resultado consensuado desa tarefa múltiple. Ao respecto, o xefe do departamento deseñará un modelo de exame integral que respecte o estipulado e publicitado como guía para o alumnado na páxina web do IES, en aras de facilitarlle a preparación e recuperación da materia.

Respecto ó procedemento de avaliación, establécese:

1. Para LCL pendente 1º BAC, LIT. UNIV pendente e LCL pendente 3º ESO, ofrecerase ó alumnado a posibilidade de superar a materia nun exame global (coa mesma estrutura bipartita e sistema de puntuación detallados no punto 1.6.3 deste documento, para a avaliación ordinaria) que se realizará no mes de xaneiro. En caso de non superar a proba, dispoñerán da convocatoria oficial para pendentes, en maio.

2. Para LCL pendente de 2º e 1º ESO: o profesor de nivel fará un seguemento do alumnado afectado, de tal xeito que, se supera a 1ª e 2ª avaliacións do curso de referencia, superará automaticamente a materia pendente. En caso contrario deberá presentarse á proba oficial de maio.

3. Para o seguemento da materia pendente, establécese unha hora semanal de atención ó alumnado: martes, de 12 a 12:30h, aula 12. A xefa do departamento de LCL facilitará explicacións, indicacións, axuda á preparación, manuais e acceso a apuntes e modelos de exame de convocatorias anteriores. Coma sempre, na páxina web do instituto, departamentos, LCL, Documentos, insertarase unha entrada con enlaces a este material mencionado.

5.1 EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA.



5.1.1 ALUMNOS DE 2º ESO CON LINGUA CASTELÁ E LITERATURA DE 1º ESO PENDENTE.

Contidos

- Diferencias entre comunicación oral e escrita e entre usos coloquiais e formais.
- A diversidade lingüística de España.
- Recoñecemento dos principais xéneros literarios.
- Coñecemento das modalidades da oración.
- Introducción aos mecanismos de coherencia e cohesión.
- Os esquemas e os resumos.
- Recoñecemento das formas verbais.
- Categorías e tipos de palabras.
- Semántica.
- Normas ortográficas.

Mínimos esixibles para superar a materia

- Captar o sentido e as ideas fundamentais de textos orais e escritos.
- Realizar resumos, esquemas e redaccións con coherencia e corrección.
- Usar de forma correcta as regras básicas de ortografía, acentuación e puntuación.
- Identificar as principais relacións de significado entre os elementos léxicos.
- Identificar as diferentes clases de palabras e analizalas.
- Identificar os principais xéneros literarios de xeito razoado.

Avaliación

Os alumnos coa *Lingua castelá e literatura* pendente de 1º de ESO deberán ser valorados polo profesor que imparte a materia de 2º de ESO respecto da súa evolución e actitude durante este curso. De tal xeito, a superación da materia en 2º suporía a avaliación positiva da LCL 1º ESO pendente.

De producirse unha evolución NON SATISFACTORIA, o alumno deberá presentarse ó exame oficial que sinala a administración, no mes de maio.

5.1.2 ALUMNOS DE 3º ESO CON LINGUA CASTELÁ E LITERATURA DE 2º ESO PENDENTE

Contidos

- Tipoloxía textual: textos narrativos, descritivos, expositivos, instrutivos e dialogais.
- A elección do rexistro, a coherencia, a selección e variación do léxico e a corrección na produción de textos orais e escritos. As normas ortográficas.
- Tema, ideas principais e ideas secundarias nos textos. Os resumos e os esquemas.
- O dicionario como ferramenta de consulta.
- Léxico: Sinonimia, polisemia e homonimia. Campos semánticos.
- As clases de palabras. As locucións e as frases feitas.
- Flexión, derivación e composición. Familias de palabras. A conxugación verbal.
- Oración e enunciado. Suxeito e predicado.
- Os xéneros literarios: A lírica, a narrativa e o teatro. Características. Subxéneros.
- Aspectos básicos de métrica.

Mínimos esixibles para superar a materia

- Captar o sentido e as ideas fundamentais de textos orais e escritos.
- Realizar resumos, esquemas e redaccións con coherencia e corrección.

- Usar de forma correcta as regras básicas de ortografía, acentuación e puntuación.
- Identificar as principais relacións de significado entre os elementos léxicos.
- Identificar as diferentes clases de palabras e analizalas morfoloxicamente.
- Analizar metricamente poemas sinxelos.
- Utilizar e manexar o vocabulario específico da materia na situación e contexto adecuados.
- Recoñecer e identificar o xénero e subxénero literario, de xeito razoado.
- Recoñecer a tipoloxía textual, identificar os trazos significativos.
- Crear textos orais e escritos que respondan á tipoloxía anterior aplicando con precisión as características dos mesmos.

Avaliación

Os alumnos coa *Lingua castelá e literatura* pendente de 2º de ESO deberán ser valorados polo profesor que imparte a materia de 3º de ESO respecto da súa evolución e actitude durante este curso. De tal xeito, a superación da materia en 3º suporía a avaliación positiva da LCL 2º ESO pendente.

De producirse unha evolución NON SATISFACTORIA, o alumno deberá presentarse ó exame oficial que sinala a administración, no mes de maio.

5.1.3 ALUMNOS DE 4º ESO COA LINGUA CASTELÁ E LITERATURA DE 3º ESO PENDENTE

Contidos

- A formación de palabras. Derivación e composición.
- Familias léxicas.
- Categorias gramaticais: substantivo, adxectivo, adxectivos determinativos e pronomes, verbo, perífrases verbais, adverbio e elementos de relación.
- Sintaxe da frase e da oración simple. Clasificación do predicado.
- Modalidade oracional.
- Linguaxe informativa. Linguaxe literaria.
- Relacións semánticas: sinonimia, antonimia, polisemia.
- As formas do discurso: narración, descrición e textos dialogados.
- Xéneros literarios e principais recursos literarios.
- Literatura medieval: mester de juglaría e mester de clerecía. Autores, obras, características temáticas e formais.

- A literatura do Renacemento.
- A picaresca e *El Quijote*.
- O século XVII: teatro.

Mínimos esixibles para superar a materia

- Recoñecer se un texto é narrativo ou descritivo, argumentando a resposta, sabendo extraer o tema principal e discriminando entre ideas principais e secundarias.
- Realizar resumos, esquemas e redaccións con coherencia e corrección.
- Usar de forma correcta as regras básicas de ortografía, acentuación e puntuación.
- Elaborar familias léxicas cultas e patrimoniais.
- Recoñecer relacións de significado entre palabras e clasificación semántica.
- Realizar correctamente análises morfolóxicas completas.
- Realizar a análise sintáctica da frase e da oración simple.
- Clasificar o predicado e a modalidade oracional.
- Identificar a finalidade literaria ou informativa dun discurso: recoñecer trazos da subxectividade e da obxectividade.
- Coñecer as correntes da literatura española até o século XVII.
- Identificar e analizar temas e trazos significativos en textos canónicos da literatura: *Cantar de Mío Cid*, *El libro de Buen Amor*, *El Conde Lucanor*, *La Celestina*, *Lazarillo de Tormes*, *El Quijote*, *obra de teatro barroco*.

Avaliación

O profesor responsable do seguimento será o profesor titular da materia en 4º ESO. O alumno disporá das dúas posibilidades expostas ó comezo deste punto 5 da Programación: un exame global a finais de xaneiro, e, de non superalo, o exame oficial que sinala a administración, no mes de maio.

5.2 BACHARELATO.



5.2.1 ALUMNOS DE 2º BACHARELATO COA LINGUA E LITERATURA CASTELÁ DE 1º DE BACHARELATO PENDENTE.

Contidos

A COMUNICACIÓN

- A comunicación. Elementos. Intención comunicativa. Dimensións da linguaxe.
- As variedades da lingua: diatópicas, diastráticas e diafásicas.
- O texto. Coherencia e cohesión.
- Tipoloxía textual escrita: descrición, narración, exposición, argumentación.

O ESTUDO DA LINGUA

- A Gramática: A morfoloxía flexiva e léxica. Análise morfolóxica de todas as categorías morfolóxicas con especial fincapé: valores do SE, a impersonalidade, perífrases verbais, locucións e unidades clasificación múltiple.
- Análise en constituíntes: simples, compostas, derivadas e parasintéticas. Clasificación razoada.
- Semántica: denotación e connotación, sinonimia, antonimia, polisemia e homonimia.
- A linguaxe como sistema de comunicación. Linguaxe e lingua. O signo: tipoloxía. O signo lingüístico: características.

A LITERATURA:

- Características da lingua literaria. Os xéneros literarios.
- Idade Media.
- Marco histórico e cultural.

- Lírica tradicional e lírica culta. Estudo de Jorge Manrique e *Coplas a la muerte de su padre*: análise e comentario.
- A épica medieval: *Cantar de Mío Cid*. Análise e comentario.
- Mester de Clerecía: *Milagros de Nuestra Señora*, *El Conde Lucanor* e *Libro de Buen Amor*
- Análise e comentario de *La Celestina*.
- Séculos XVI e XVII. Renacemento e Barroco. Marco histórico e cultural. Poesía amorosa e relixiosa. A novela picaresca: *Lazarillo de Tormes* e *El Buscón*. Miguel de Cervantes e *El Quijote*. Lírica e teatro do século XVII: características, temas, autores e obras.
- S. XVIII: Ilustración e Neoclasicismo. Marco histórico e cultural. Características, autores e obras. O teatro neoclásico. *El sí de las niñas*.
- S. XIX: Romanticismo, Realismo e Naturalismo. Marco histórico e cultural. Características, autores e obras. *Los Pazos de Ulloa*.

Mínimos esixibles para superar a materia

- Sintetizar oralmente e por escrito textos orais e escritos, sinalando as ideas principais e as secundarias e a intención comunicativa, recoñecendo posíbeis incoherencias ou ambigüidades e aportando unha opinión persoal.
- Identificar e expresar de acordo ós criterios establecidos o tema, o resumo, a estrutura e o esquema de ideas aplicados a un texto íntegro ou fragmento, de carácter literario ou informativo, do ámbito social, académico ou persoal. Con especial interese nos textos xornalísticos.
- Analizar e recoñecer as características fundamentais para a correcta clasificación de textos escritos de diverso tipo: narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos.
- Recoñecer e analizar morfoloxicamente, de xeito preciso, as diferentes unidades da lingua, as súas combinacións e a relación entre elas e os seus significados.
- Identificar as principais relacións de significado entre os elementos léxicos.
- Discernir os compoñentes básicos e a estrutura do léxico español.
- Analizar e comentar con rigor e precisión, incorporando vocabulario específico, obras completas das diferentes épocas e dos autores máis destacados de cada unha delas.
- Identificar o xénero ao que pertence un texto literario e recoñecer os seus elementos estruturais básicos e os seus recursos lingüísticos.

- Valorar e coñecer a evolución histórica das formas literarias da Idade Media e dos séculos XVI e XVII, atendendo ao marco histórico e cultural e á súa relación cos autores e obras máis destacadas
- Explicar os principais elementos caracterizadores dos períodos, movementos e autores máis representativos da historia da literatura española dos séculos XVIII e XIX. Identificar , explicar, comentar e analizar de xeito exemplificado e razoado os trazos relevantes de cada estética, xénero, obra e autor en fragmentos significativos.
- Interpretar criticamente textos ou fragmentos representativos da etapa literaria estudada empregando os conceptos e a terminoloxía literaria apropiados.

Avaliación

O profesor responsable do seguimento será o profesor titular da materia en 2º BAC.

O alumno disporá das dúas posibilidades expostas ó comenzo deste epígrafe número 5 da Programación de LCL: un exame global no mes de xaneiro, e, de non superalo, o exame oficial que sinala a administración, no mes de abril/maio.

5.2.2 ALUMNOS DE 2º BACHARELATO COA LITERATURA UNIVERSAL DE 1º DE BACHARELATO PENDENTE.

Contidos.

1. Da Antigüidade á Idade Media: mito e orixe da literatura.

- O papel das mitoloxías e da relixión nas orixes da literatura.
- As culturas fundacionais: mesopotámica, exipcia, china, india.
- Breve panorama da literatura bíblica, grega e latina. O heroe clásico da traxedia e da épica. O papel dos personaxes masculinos e femininos.
- A narrativa medieval.
- Relación co cine, a música e outras artes.

2. Renacemento e Clasicismo.

- Contexto xeral. Os cambios do mundo e a nova visión do ser humano.
- A lírica do amor: o Petrarquismo. Orixes: a poesía trovadoresca e o Dolce Stil Nuovo.
- A innovación en *Il Canzonere* de Petrarca.
- Lectura e comentario dunha antoloxía lírica e contos da época.

- A narración en prosa: Bocaccio. O nacemento do relato moderno.
- Teatro clásico europeo. Teatro isabelino en Inglaterra.
- Lectura e comentario dunha obra de teatro clásico.
- Relación co cine, a música e outras artes.

3. O Século das Luces.

- Desenvolvemento do espírito crítico: a Ilustración. A Enciclopedia. A prosa ilustrada.
- A novela europea no século XVIII: herdeiros de Cervantes e da picaresca na literatura inglesa.
- Lectura comentada dunha novela europea de prosa ilustrada ou fragmento de novela inglesa do século XVIII.
- Relación co cine, a música e outras artes.

4. Primeira metade século XIX.

- A revolución romántica: conciencia histórica e novo sentido da ciencia.
- Romanticismo: características. Goethe, precursor.
- Poesía romántica.
- Novela histórica.
- Lectura e comentario dunha antoloxía de poetas románticos europeos e dalgún fragmento de novela histórica.
- Relación co cine, a música e outras artes.

5. Segunda metade século XIX.

- Innovacións filosóficas, científicas e técnicas e a súa influencia na creación literaria. Marx, Darwin e Freud.
- Da narrativa romántica ao Realismo en Europa.
- Literatura e sociedade: evolución de temas e técnicas narrativas. Principais novelistas europeos. Os personaxes femeninos nalgúns das obras máis representativas.
- Lectura comentada dunha antoloxía de fragmentos de novelas realistas.
- Nacemento da grande narrativa americana (1830-1890). Da experiencia vital á literatura. O renacemento do conto.
- Lectura e comentario de contos da segunda metade do século XIX.
- Arranque da modernidade poética: de Baudelaire ao Simbolismo.
- Lectura e comentario dunha antoloxía simbolista.
- A renovación do teatro europeo: novas formas de pensamento.

- Lectura e comentario dunha obra.
- Relación co cine, a música e outras artes.

6. Literatura do século XX.

- Novos enfoques da literatura e as transformacións dos xéneros literarios: crise do pensamento decimonónico e a cultura finisecular.
- A crise de 1914: innovacións filosóficas, científicas e técnicas e a repercusión na creación literaria.
- Novas técnicas narrativas.
- Lectura e análise dunha novela curta e relato ou conto do período.
- As vangardas europeas. O Surrealismo.
- Lectura e comentario dunha antoloxía de poesía vangardista.
- A xeración perdida americana: Lost Generation.
- Teatro do absurdo e do compromiso.
- Lectura e análise dalgunha obra representativa destas correntes dramáticas.
- Relación co cine, a música e outras artes.

Mínimos esixibles para superar a materia.

1. Lectura das obras obrigatorias e identificación de elementos representativos (temas, tópicos, características formais, etc.) dos diversos xéneros literarios.
2. Recoñecemento e comentario da presenza e influencia de mitos ou arquetipos literarios de uso común ó longo da historia e do seu valor permanente na cultura universal.
3. Comentario e análise comprensiva de obras e fragmentos representativos dos distintos períodos literarios.
4. Recoñecemento e explicación de temas, motivos e características da época, da estética, do autor e do movemento que representa unha obra literaria determinada.
5. Análise comparada dos puntos en común de diversas obras e manifestacións artísticas diferentes, extraendo concomitancias, evolución e mesmo rasgos diferenciais.
6. Comentario de textos literarios de diversas épocas e descrición da evolución de determinados temas e formas literarias.
7. Comprensión e explicación do valor permanente dalgúns elementos literarios (temas, tópicos, lugares comúns) na literatura ó longo do tempo e a súa presenza e utilidade noutras manifestacións artísticas.

8. Realización de análises críticas e exposicións explicativas, tanto a nivel oral como escrito, sobre unha obra determinada, autor, movemento ou período literario. Incorpora vocabulario específico apropiado .
9. Uso das Tics como recurso para apoiatura visual e sonora nas tarefas de explicación e resolución de actividades de aula: cuestións propostas, exposicións, etc.
10. Realización de presentacións ordenadas, estruturadas, progresivas e coherentes.
11. Recoñecemento e crítica de estereotipos de xénero nos personaxes creados pola literatura.
12. Síntese e integración, de xeito selectivo e relacionado, da información procedente de diversas fontes de documentación.
13. Uso acertado de diversas fontes de documentación.
14. Valoración crítica, razoada e argumentada dunha manifestación literaria e/ou artística, en coherencia co contexto.
15. Recoñecemento da lectura como fonte de enriquecemento propio e como un medio de profundar no coñecemento da sociedade.

Avaliación

O profesor responsable do seguimento será o profesor titular da materia en 1º BAC.

O alumno disporá das dúas posibilidades expostas no punto 5 deste documento: un exame global a finais de xaneiro, e, de non superalo, o exame oficial que sinala a administración, no mes de abril/maio.

6. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.



Para o presente curso promoverase a realización de:

1. Uso das aulas de informática para a resolución de Webquests, traballos de investigación dixital aplicada á lingüística ou á literatura.
2. Saída ao teatro para asistir á representación dunha peza, adaptada ao temario do curso.

Esta posibilidade terase en conta sempre que se cumpran os requisitos seguintes:

- Relación da obra cos contidos curriculares do nivel.
- Temporalización adecuada, de xeito que permita unha contextualización da mesma no deseño do curso académico.
- Calidade da adaptación.

3. Percorridos literarios ligados a un autor ou unha obra: Illa de San Simón (xograres da Ría de Vigo e Julio Verne), Castelo de Soutomaio-Castro da Peneda (Emilia Pardo Bazán). Procurarase artellar unha saída interdisciplinar para aproveitar a riqueza da mesma, alén do literario, dende o ámbito medioambiental, biolóxico e histórico (Salinas do Ullóo -Rede natura 2000, produción marisqueira da ría, presenza dos xesuítas ata a desamortización de Mendizábal, illa como lazareto e campo de concentración franquista, cargadoiros do wolframio nazi, loita da nobreza galega fronte á corte castelá- Pedro Madruga).

4. Visita ó taller “O Garaxe Hermético” de Kiko Da Silva: primeira escola galega de ilustración e cómic.

5. Participación do Departamento no intercambio con Alemania.

6. Participación no intercambio con Dinamarca para 2º BAC, a través de sesións de “Español para estranxeiros”, que se impartirán por parte do profesorado deste departamento de LCL, en horas libres de carga lectiva.

7. Explorarse a posibilidade, en función do grao de implicación e desenvolvemento positivo que se constate, de saídas a exposicións ou eventos culturais na Cidade da Cultura, asistencia ó Certame de teatro clásico de Lugo, etc. A idea do departamento é propoñer a realización destas actividades en semanas de avaliación e últimos días de clase de cada trimestre, de xeito que non afecten nin entorpezan a actividade docente.

7. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

Avaliación Docente

A **Memoria anual** recollerá os resultados académicos, o grao de consecución dos obxectivos, o grao de cumprimento coa temporalización prevista e a valoración subxectiva do curso.

A súa análise polos membros do departamento de *Lingua e Literatura castelá* deberá concluír cos cambios necesarios para a súa mellora.

7.1 INDICADORES DE LOGRO PARA A PRÁCTICA DOCENTE.

En relación co punto inmediatamente anterior, establécese unha revisión anual e final da práctica docente, recollida na Programación, que pase por analizar o grao de funcionalidade para cada un dos aspectos en que se articula, á luz dos resultados das avaliacións trimestrais, convocatoria ordinaria e extraordinaria.

Polo tanto, apartados como a temporalización, a distribución de contidos, a metodoloxía ou procedementos contemplados, o nivel de dificultade das prácticas realizadas, a selección de lecturas e calquera outra mecánica aplicada ao proceso de ensinanza-aprendizaxe serán revisados de xeito consensuado e modificados, como se estime oportuno, polos membros deste departamento, na procura da optimización, tendo en conta os resultados recollidos na memoria final.

Tanto da reflexión ao respecto así como das medidas e acordos adoptados, darase fe na correspondente acta de departamento e os cambios materializaranse na redacción do presente documento administrativo para o ano académico inmediatamente posterior ás decisións tomadas.